

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**5879** *Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego.*

I

O obxectivo de impulsar o crecemento da economía española e, con el, a creación de emprego, e de facelo sobre unhas bases máis sólidas e sustentables, exige a adopción neste momento dunha serie de medidas que reforcen a capacidade do noso tecido produtivo e garantan un apoio efectivo das institucións públicas a ese crecemento.

O Goberno, no marco da Estratexia de Economía Sustentable, adoptou xa diversas iniciativas de reforma do marco xurídico da actividade económica con esa finalidade. Neste contexto, e no escenario internacional de progresiva retirada das medidas de estímulo á demanda agregada, é urxente introducir agora unha serie de medidas adicionais, necesarias para ordenar e orientar o proceso de recuperación desde o seu mesmo inicio.

Así o entendeu o Goberno, que, de acordo coa iniciativa formulada polo seu presidente na comparecencia parlamentaria do pasado 17 de febreiro e coa dispoñibilidade xeral mostrada por diversos grupos parlamentarios, iniciou o pasado 1 de marzo unha rolda de negociacións, co fin de adoptar, en diálogo aberto e construtivo con eles, novas medias de impulso da reactivación e facelo cun consenso político que, en si mesmo, é especialmente positivo en canto a que contribúe de modo moi intenso a elevar a confianza na capacidade de España para superar os problemas derivados da crise económica.

Sen prexuízo dos procesos de diálogo e concertación abertos en sedes específicas en materia de diálogo social, Pacto de Toledo e estabilidade orzamentaria, así como de futuros acordos na tramitación lexislativa de iniciativas parlamentarias na mesma liña, particularmente a Lei de economía sustentable, a citada rolda de negociacións permitiu constatar, tras varias reunións, e a partir das diferentes propostas remitidas polo Goberno e polos grupos políticos con representación parlamentaria, un consenso suficiente sobre diversas iniciativas de impulso á recuperación económica e ao emprego.

Consecuencia dese acordo básico é a adopción por parte do Consello de Ministros e con carácter inmediato, co fin de que incidan canto antes no proceso de recuperación económica, das medidas xurdidas desa rolda de negociacións mediante os correspondentes acordos, normas regulamentarias ou iniciativas lexislativas. Este real decreto lei recolle de entre esas medidas as que unen ao seu carácter urxente a existencia de rango legal.

De acordo coa finalidade exposta, o real decreto lei aborda reformas en diferentes ámbitos que, ben pola súa incidencia sobre o conxunto do sistema produtivo español, ben polo seu peso específico nel ou ben pola súa relevancia no actual momento de estabilización e recuperación, resultan especialmente relevantes neste momento,

Así, no capítulo I, inclúense reformas destinadas a recuperar a actividade no sector da construción pola vía, fundamentalmente, do impulso fiscal á actividade da rehabilitación de vivendas, e co obxectivo adicional de contribuír á eficiencia e ao aforro enerxético. Trátase de medidas necesarias e urxentes no curto prazo para propiciar incrementos nos niveis de emprego e actividade do sector, e para orientar esta actividade por unha senda de maior sustentabilidade.

Pola súa parte, o capítulo II inclúe un conxunto de reformas necesarias para favorecer a actividade empresarial, de aplicación xeral a todo o sector produtivo.

Inclúen, en primeiro lugar, medidas que alixeiran as cargas impositivas das empresas, como a prórroga de liberdade de amortización no marco do imposto sobre sociedades ou a flexibilización dos requisitos para a recuperación do imposto sobre o valor engadido no caso de falta de pagamento de facturas, que se consideran especialmente relevantes para aliviar o impacto que o debilitamento da actividade económica produce ás empresas.

En segundo lugar, inclúense medidas que facilitan o acceso do noso sector produtivo a novos mercados e, en concreto, a mercados internacionais, como son a reforma do seguro de crédito á exportación ou a rebaixa temporal de diversas taxas en materia de transporte aéreo, co fin de apoiar a actividade turística.

Unhas e outras, pola súa especial incidencia neste momento na reactivación do crecemento, tanto polo lado de redución de cargas como polo de facilitar novas fontes de ingresos, deben ser aprobadas con carácter inmediato.

As medidas para favorecer a actividade empresarial complétanse no capítulo III con outras máis específicas, destinadas ás pequenas e medianas empresas, que inclúen a reforma de mecanismos de apoio financeiro e a redución de cargas administrativas no ámbito tributario. Estas reformas son necesarias para canalizar liquidez ás pequenas e medianas empresas, e no momento económico actual, e tendo en conta a relevancia destas empresas no tecido industrial español, son de urxente aprobación, evitando a incerteza propia dun procedemento normativo prolongado.

Por outra parte, o capítulo IV contén medidas co fin de moderar o impacto negativo da crise económica sobre os cidadáns máis vulnerables, en particular, aqueles con cargas familiares. Neste contexto, é necesario e urxente aprobar unha elevación do limiar de inembargabilidade para este conxunto de cidadáns, limitado á situación en que o prezo obtido pola vivenda habitual hipotecada sexa insuficiente para cubrir o crédito garantido, así como unha reforma tributaria que impulse os servizos vinculados á atención á dependencia, o que, pola súa vez, redunda no apoio ao crecemento deste sector e do emprego xerado nel.

O capítulo V, no ámbito do sector enerxético, inclúe medidas que teñen como obxectivo crear as condicións para impulsar novas actividades, moi relevantes para a modernización do sector, como son as empresas de servizos enerxéticos e o vehículo eléctrico, que polo seu papel dinamizador da demanda interna e, en definitiva, da recuperación económica, deben ser aprobadas e postas en marcha coa maior brevidade. Así mesmo, introdúcese medidas para facilitar o proceso de titulización do déficit de tarifa eléctrica.

Finalmente, o capítulo VI aborda as reformas do marco regulador do sector financeiro necesarias para axilizar o proceso co fin de afianzar a reestruturación actualmente en curso.

## II

No capítulo I, o artigo 1 modifica a normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas para introducir unha nova dedución temporal por obras de mellora na vivenda habitual. A dedución, que soportará integramente o Estado, establécese para contribuíntes con base imponible inferior a 53.007,20 euros, que poderán deducir até o 10 por cento das cantidades satisfeitas polas obras realizadas desde a entrada en vigor do real decreto lei até o 31 de decembro de 2012, cun máximo de 12.000 euros por vivenda habitual nos períodos impositivos en que sexa de aplicación, e sempre que as obras teñan por obxecto, entre outros, a mellora enerxética da vivenda, a substitución das instalacións de electricidade, auga, gas ou outras subministracións, ou favorezan a accesibilidade ao edificio ou ás vivendas. Por outra parte, no artigo 2 refórmase a normativa do imposto sobre o valor engadido, permitindo a aplicación do tipo impositivo reducido para todo tipo de obras de mellora e rehabilitación da vivenda realizadas até o 31 de decembro de 2012, ademais de ampliar o concepto de rehabilitación estrutural para efectos do imposto, a través dunha definición de obras análogas e conexas ás estruturais, que permite reducir os custos fiscais asociados á actividade de rehabilitación. No artigo 3 apróbase unha reforma equivalente da tributación indirecta regulada na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

## III

As medidas incluídas no capítulo II están destinadas a favorecer a actividade empresarial, en diversos ámbitos.

En concreto, o artigo 4 reforma a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, co obxectivo de facilitarlles a continuidade da relación contractual coa Administración aos contratistas que solicitasen a declaración de concurso de acredores voluntario e cando este adquirise eficacia nun convenio; ademais, como novidade, permítese a devolución da garantía depositada por un contratista no marco dun proceso de contratación pública en caso de resolución do contrato cando a execución da prestación non se interrompese até o momento da declaración de insolvencia e o concurso non fose cualificado como culpable, e facilítase a cesión do contrato, aínda que o cedente non teña executado, polo menos, o 20 por cento do seu importe, se este solicitou a declaración de concurso voluntario. Pola súa vez, no artigo 5, de forma equivalente, modifícase a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para permitir a continuidade das subvencións concedidas ás empresas que solicitasen a declaración de concurso de acredores voluntario e cando este adquirise eficacia nun convenio.

Por outra parte, para efectos do imposto sobre sociedades, no artigo 6 esténdese a 2011 e 2012 a liberdade de amortización, supeditada ao mantemento do emprego, nos termos en que estaba prevista na Lei 4/2008, do 23 de decembro, para os exercicios de 2009 e 2010. No artigo 7 modifícase a normativa do imposto sobre o valor engadido, que permite ás empresas a redución proporcional da base imponible cando os créditos correspondentes ás cotas repercutidas polas operacións gravadas sexan total ou parcialmente incobrables, flexibilizando os requisitos para recuperar o imposto no caso de falta de pagamento das facturas e acurtando os prazos no caso das empresas de menor dimensión. De forma equivalente e co mesmo obxectivo, no artigo 8 refórmase a Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

No ámbito do comercio internacional, a través da reforma prevista no artigo 9, habilítase a Compañía Española de Seguro de Crédito á Exportación para outorgar cobertura en nome propio e por conta do Estado sobre riscos derivados do comercio exterior a través de garantías, ademais do tradicional seguro de crédito, ampliando a carteira de instrumentos á disposición da entidade para apoiar a internacionalización da nosa economía, situando así a entidade en condicións equiparables ao resto de entidades de crédito á exportación.

A través do artigo 10 complétanse as regras de valoración de solo previstas no texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, e dispónse a aplicación duns coeficientes correctores, que permitirán pór en marcha as regras de capitalización de rendas para valoración de solo rural, e prorróganse até 31 de decembro de 2011 as regras de valoración de solo urbanizable previstas na disposición transitoria terceira do Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, co obxectivo de garantir a suave transición á aplicación das novas regras de valoración previstas.

Por último, en materia de transporte aéreo, no artigo 11 apróbase unha redución temporal de determinadas taxas. En particular, prorrógase até o 31 de decembro de 2010 a bonificación do 30 por cento das taxas de aterraxe de aeronaves e das taxas aplicables a pasaxeiros nos aeroportos extrapeninsulares, nos termos previstos na Lei 5/2009, do 29 de xuño, e apróbase a subvención do 50 por cento do importe das taxas de aterraxe e da tarifa B.1 polos voos con orixe ou destino nos aeroportos canarios en días semanais determinados, desde a entrada en vigor do real decreto lei até o 31 de decembro de 2010.

#### IV

No capítulo III, relativo ás medidas de apoio ás pequenas e medianas empresas, no artigo 12 introdúcese un programa de financiamento directo ás pemes e autónomos que, nas condicións que fixará o Goberno, deberá estar operativo antes do 15 de xuño de 2010. No artigo 13 refórmase a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2010, co obxectivo de flexibilizar o funcionamento dos fondos de titulación de créditos a pequenas e medianas empresas, FTPEME, permitindo que os fondos derivados da titulación se poidan destinar

a financiar activo circulante das pequenas e medianas empresas, o que debe redundar nun máis fácil acceso ao crédito para esta finalidade.

Por outra parte, no artigo 14, a través da reforma do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, simplifícanse as obrigas de documentación en determinadas operacións vinculadas para as pequenas e medianas empresas. En particular, exclúense das obrigas de documentación das operacións vinculadas as empresas de reducida dimensión cando o importe total das operacións vinculadas realizadas por elas no exercicio non supere 100.000 euros de valor de mercado. Ademais, para aquelas que superen este límite e teñan que cumprir as obrigas de documentación, establécense límites máximos para as sancións que se lles poidan impor cando o incumprimento formal non comporte prexuízo económico para o Tesouro. A sanción nunca poderá superar o 10 por cento do valor de mercado da operación nin o 1 por cento da cifra de negocios da entidade. A exoneración da obriga de documentación non se aplica, en ningún caso, ás operacións con paraísos fiscais sexa cal sexa o seu importe.

#### V

O capítulo IV inclúe medidas para favorecer a protección dos cidadáns e dos consumidores. En primeiro lugar, elévase o limiar de inembargabilidade nos procedementos posteriores á execución hipotecaria cando o prezo obtido pola venda da vivenda habitual hipotecada sexa insuficiente para cubrir o crédito garantido. Este limiar elévase nun 10 por cento do salario mínimo interprofesional, e noutro 20 por cento adicional, por cada membro do núcleo familiar que non dispoña de ingresos propios regulares, salario nin pensión, co que se dá resposta á situación especialmente difícil destas persoas no actual contexto económico.

Modifícase, ademais, no artigo 16, a normativa do imposto sobre o valor engadido para aplicar un tipo impositivo superreducido, do 4 por cento, aos servizos de atención á dependencia prestados polas empresas integradas no sistema de autonomía e atención á dependencia, mediante prazas concertadas en centros ou residencias ou logo de concurso público para a súa prestación.

O artigo 17 reforma o imposto da renda das persoas físicas para aprobar unha exención na tributación do imposto das contías satisfeitas polas empresas para desprazamentos entre a residencia e o centro de traballo en transporte público, cun límite de 1.500 euros, co obxectivo de incentivar fiscalmente a utilización dos medios de transporte público colectivo.

Por último, o artigo 18 modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, para requirir a intervención dunha entidade autorizada para prestar servizos de investimento en determinadas ofertas de valores dirixidas ao público en xeral, que non requiran folleto e que empreguen para isto calquera forma de comunicación publicitaria, co obxectivo último de instrumentar canles adecuadas para a protección do investidor.

#### VI

No capítulo V, relativo a medidas no sector enerxético, en primeiro lugar, no artigo 19 defínese o concepto de empresa de servizos enerxéticos, e dispónse a aprobación dun programa de acordos voluntarios con empresas de servizos enerxéticos, que porá en marcha o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía. Deste modo impúlsase o desenvolvemento dun sector de recente creación e cunha importante capacidade de xeración de emprego e, pola súa vez, avánzase na mellora da eficiencia enerxética no noso país, mellorando así as condicións estruturais da nosa economía.

Ademais, a través do artigo 20 modifícanse algúns aspectos do marco regulador de contratos do sector público para axilizar os procesos de contratación das empresas de servizos enerxéticos coas administracións públicas, como fórmula especialmente efectiva de dinamización do sector e de aforro enerxético.

Por outra parte, nos artigos 21 e 22, refórmase a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para facilitar o proceso de titulización do déficit de tarifa eléctrica, e o Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, respectivamente, establecendo na lei o procedemento para financiar os posibles desaxustes temporais nas liquidacións das actividades reguladas.

A través do artigo 23 inclúese no marco normativo do sector eléctrico un novo axente do sector, os xestores de cargas do sistema, que prestarán servizos de recarga de electricidade, necesarios para un rápido desenvolvemento do vehículo eléctrico como elemento que reúne de novo as características de novo sector en crecemento e de instrumento de aforro e eficiencia enerxética e ambiental. Por outra parte, no artigo 24, e co obxectivo de promover o aforro e a eficiencia enerxética, establécese que a Administración poderá adoptar programas específicos de aforro e eficiencia enerxética en relación co desenvolvemento do vehículo eléctrico.

## VII

Por último, o capítulo VI contén un conxunto de medidas no ámbito do sector financeiro de urxente implantación ante as necesidades de encarar coa máxima eficacia a evolución da crise financeira. Nun contexto de reestruturación do sistema financeiro, o artigo 25 clarifica o réxime aplicable aos sistemas institucionais de protección que se creen entre entidades de crédito co obxecto de garantir a máxima seguridade xurídica das operacións deste tipo. En concreto, especifícase o réxime de consolidación contable, a adhesión aos fondos de garantía de depósitos, e a formalización de consultas vinculantes no ámbito tributario.

O artigo 26 supón a modificación do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, co fin de facilitar a máxima prontitude e seguridade xurídica na reestruturación ordenada do sector. Con esa intención redúcense os prazos previstos, axilizando a operativa do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, e, así mesmo, realízanse unha serie de axustes na súa regulación. Así, en canto á redución de prazos, establécese que o plan de actuación que asegure a viabilidade da entidade deberá presentarse de maneira simultánea ao momento en que se informe o Banco de España da situación de debilidade, en lugar de no prazo dun mes, e redúcese o prazo dun mes a 10 días naturais para o caso en que sexa o Banco de España o que conclúa que unha entidade presenta debilidades na súa situación económico-financiera e deba presentar un plan de actuación. Ademais, redúcense de dez a cinco días hábiles os prazos de que dispón a ministra de Economía e Facenda para se opor ás propostas realizadas polos órganos do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. Finalmente, para as emisións de cotas participativas que realice unha caixa de aforros que vaian ser subscritas integramente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria prevese a substitución dos informes a que se refire o Real decreto 302/2004, do 20 de febreiro, sobre cotas participativas das caixas de aforros, por un informe do propio fondo, o que implica unha considerable redución de prazos. Así mesmo, para o caso de aparición de circunstancias sobrevidas que non fagan posible unha solución viable para unha entidade de crédito, prevese a súa reestruturación con intervención do Fondo. Por outra parte, as modificacións na regulación urxente do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria clarifican o réxime das cotas participativas subscritas polo Fondo para efectos da normativa sobre recursos propios, establecendo que estas cotas serán computables como recursos propios básicos, é dicir, como capital da máxima categoría, e dispoñen, finalmente, que non resultará obrigatoria a cotización en mercados secundarios regulados das cotas adquiridas polo Fondo.

Finalmente, no artigo 27, dentro do conxunto de reformas do ámbito financeiro e co obxectivo de facilitar a operativa dos fondos de titulización, incrementando a seguridade xurídica, modifícase a lexislación vixente para permitir que estes fondos sexan titulares dos inmobles, dereitos e cantidades resultantes dos remates da execución dos préstamos hipotecarios dos cales son titulares como consecuencia da súa titulización.

## VIII

No que se refire ás reformas introducidas no ámbito da rehabilitación de vivendas, as dirixidas a favorecer a actividade empresarial, as destinadas especificamente ao apoio ás pequenas e medianas empresas e as que teñen como obxectivo favorecer a protección dos cidadáns, a extraordinaria e urxente necesidade deste real decreto lei susténtase na necesidade de as pór inmediatamente en marcha para favorecer a actividade económica e a xeración de emprego, para conseguir que resulten eficaces na configuración dos novos sectores de desenvolvemento económico e, finalmente, para evitar a incerteza e a parálise na actividade que podería derivar dun procedemento normativo prolongado.

As medidas no ámbito do sector enerxético son de extraordinaria e urxente necesidade, por unha parte, para completar a posta en marcha do proceso de titulización do déficit do sector eléctrico, que permite dar unha solución financeira ás cantidades adiantadas polas empresas para financiar os desaxustes nas liquidacións das actividades reguladas do sistema eléctrico; e, por outra, para crear un marco xurídico que cree os oportunos incentivos para o desenvolvemento de novas actividades no sector, como son os servizos de eficiencia enerxética prestados polas denominadas empresas de servizos enerxéticos e o desenvolvemento do vehículo eléctrico. A aprobación das modificacións normativas neste ámbito debe facerse de forma inmediata, co fin de non prexudicar o proceso de titulización do déficit da tarifa eléctrica, que xa está en marcha, e de sentar as bases de novas actividades de servizos no ámbito do sector enerxético, a cuxo desenvolvemento están ligados de forma moi estreita a modernización do sector e o fortalecemento da eficiencia enerxética, así como a xeración de novas oportunidades de emprego.

Pola súa parte, as medidas referidas ao sector financeiro son de extraordinaria e urxente necesidade para facilitar a súa rápida reestruturación. A súa inmediata aprobación é estritamente necesaria para afianzar a solvencia das nosas entidades de crédito, que xa iniciaron ese proceso. Pola súa vez, a necesidade de abordar con urxencia a aprobación de medidas para afianzar a recuperación da economía, á cal está ligada a creación de novos postos de traballo, e que depende do bo funcionamento do mercado financeiro, xustifican a urxente aprobación de medidas neste ámbito, que apuntalen o seu actual proceso de reforma e reestruturación.

Por tanto, adóptase este conxunto de reformas cuxa extraordinaria e urxente necesidade queda suficientemente xustificada.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Economía e Facenda, do ministro de Fomento e do ministro de Industria, Turismo e Comercio, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de abril de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

**Medidas en materia de rehabilitación de vivendas**

*Artigo 1. Nova dedución no imposto sobre a renda das persoas físicas por obras de mellora na vivenda habitual.*

Engádesse unha disposición adicional vixésimo novena na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional vixésimo novena. *Dedución por obras de mellora na vivenda habitual.*

Os contribuíntes cuxa base imponible sexa inferior a 53.007,20 euros anuais poderán deducir o 10 por cento das cantidades satisfeitas desde a entrada en vigor do Real decreto lei 6/2010 até o 31 de decembro de 2012 polas obras realizadas durante este período na vivenda habitual ou no edificio en que esta se encuentre, sempre que teñan por obxecto a mellora da eficiencia enerxética, a hixiene, a saúde e a protección do ambiente, a utilización de enerxías renovables, a seguridade e a estanquidade e, en particular, a substitución das instalacións de electricidade, auga, gas ou outras subministracións, ou favorezan a accesibilidade ao edificio ou ás vivendas, nos termos previstos no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, así como polas obras de instalación de infraestruturas de telecomunicación realizadas durante este período que permitan o acceso á internet e a servizos de televisión dixital na vivenda habitual do contribuínte.

Non darán dereito a practicar esta dedución as obras que se realicen en prazas de garaxe, xardíns, parques, piscinas e instalacións deportivas e outros elementos análogos.

A base desta dedución estará constituída polas cantidades satisfeitas, mediante tarxeta de crédito ou débito, transferencia bancaria, cheque nominativo ou ingreso en contas en entidades de crédito, ás persoas ou entidades que realicen tales obras. En ningún caso darán dereito a practicar esta dedución as cantidades satisfeitas mediante entregas de diñeiro de curso legal.

A base máxima anual desta dedución será de:

- a) cando a base imponible sexa igual ou inferior a 33.007,20 euros anuais: 4.000 euros anuais;
- b) cando a base imponible estea comprendida entre 33.007,20 e 53.007,20 euros anuais: 4.000 euros menos o resultado de multiplicar por 0,2 a diferenza entre a base imponible e 33.007,20 euros anuais.

As cantidades satisfeitas no exercicio non deducidas por exceder a base máxima anual de dedución poderán deducirse, co mesmo límite, nos catro exercicios seguintes.

Para tal efecto, cando concorran cantidades deducibles no exercicio con cantidades deducibles procedentes de exercicios anteriores que non puidesen ser obxecto de dedución por exceder a base máxima de dedución, o límite anteriormente indicado será único para o conxunto de tales cantidades, deducíndose en primeiro lugar as cantidades correspondentes a anos anteriores.

En ningún caso a base acumulada da dedución correspondente aos períodos impositivos en que esta sexa de aplicación poderá exceder os 12.000 euros por vivenda habitual. Cando concorran varios propietarios con dereito a practicar a dedución respecto dunha mesma vivenda, o citado límite de 12.000 euros distribuirase entre os copropietarios en función da súa respectiva porcentaxe de propiedade no inmovible.

En ningún caso darán dereito á aplicación desta dedución as cantidades satisfeitas polas que o contribuínte practique a dedución por investimento en vivenda habitual a que se refire o artigo 68.1 desta lei.

2. O importe desta dedución restarase da cota íntegra estatal despois das deducións previstas nos puntos 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do artigo 68 desta lei.»

**Artigo 2.** *Ampliación do concepto de rehabilitación estrutural no imposto sobre o valor engadido e redución do tipo de gravame aplicable á renovación e reparación de vivendas particulares.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. O ordinal 1.º do número dous do artigo 8 queda redactado da seguinte forma:

«1º. As execucións de obra que teñan por obxecto a construción ou a rehabilitación dunha edificación, no sentido do artigo 6 desta lei, cando o empresario que execute a obra achegue unha parte dos materiais utilizados, sempre que o seu custo exceda o 33 por cento da base imponible.»

Dous. O ordinal 22.º do número un do artigo 20 queda redactado da seguinte forma:

«22.º A) As segundas e posteriores entregas de edificacións, incluídos os terreos en que se encontren enclavadas, cando teñan lugar despois de rematada a súa construción ou rehabilitación.

Para os efectos do disposto nesta lei, considerarase primeira entrega a realizada polo promotor que teña por obxecto unha edificación cuxa construción ou rehabilitación estea terminada. Non obstante, non terá a consideración de primeira entrega a realizada polo promotor despois da utilización ininterrompida do inmovible por un prazo igual ou superior a dous anos polo seu propietario, ou por titulares de dereitos reais de gozo ou disfrute ou en virtude de contratos de arrendamento sen opción de compra, salvo que o adquirente sexa quen utilizou a edificación durante o referido prazo. Non se computarán, para estes efectos, os períodos de utilización de edificacións polos adquirentes dos inmobles nos casos de resolución das operacións en cuxa virtude se efectuaron as correspondentes transmisións.

Os terreos en que se encontren enclavadas as edificacións comprenderán aqueles en que se realizen as obras de urbanización accesorias a elas. Non obstante, tratándose de vivendas unifamiliares, os terreos urbanizados de carácter accesorio non poderán exceder os 5.000 metros cadrados.

As transmisións non suxeitas ao imposto en virtude do establecido no punto 1º do artigo 7 desta lei non terán, de ser o caso, a consideración de primeira entrega para efectos do disposto neste ordinal.

A exención prevista neste ordinal non se aplicará:

a) Ás entregas de edificacións efectuadas no exercicio da opción de compra inherente a un contrato de arrendamento, por empresas dedicadas habitualmente a realizar operacións de arrendamento financeiro. Para estes efectos, o compromiso de exercer a opción de compra fronte ao arrendador asimilase ao exercicio da opción de compra.

b) Ás entregas de edificacións para a súa rehabilitación polo adquirente, sempre que se cumpran os requisitos que regulamentariamente se establezan.

c) Ás entregas de edificacións que sexan obxecto de demolición con carácter previo a unha nova promoción urbanística.

B) Para os efectos desta lei, son obras de rehabilitación de edificacións as que reúnan os seguintes requisitos:

1.º Que o seu obxecto principal sexa a súa reconstrución, requisito que se entenderá cumprido cando máis do 50 por cento do custo total do proxecto de rehabilitación corresponda con obras de consolidación ou tratamento de elementos estruturais, fachadas ou cubertas ou con obras análogas ou conexas ás de rehabilitación.

2.º Que o custo total das obras a que se refira o proxecto exceda do 25 por cento do prezo de adquisición da edificación, se se efectuou aquela durante os dous anos inmediatamente anteriores ao inicio das obras de rehabilitación, ou, noutro caso, do valor de mercado que tiver a edificación ou parte dela no momento do dito inicio. Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado da edificación a parte proporcional correspondente ao solo.



Consideraranse obras análogas ás de rehabilitación as seguintes:

- a) As de adecuación estrutural que proporcionen á edificación condicións de seguridade construtiva, de forma que quede garantida a súa estabilidade e resistencia mecánica.
- b) As de reforzo ou adecuación da cimentación así como as que afecten ou consistan no tratamento de piares ou forxados.
- c) As de ampliación da superficie construída, sobre e baixo rasante.
- d) As de reconstrución de fachadas e patios interiores.
- e) As de instalación de elementos elevadores, incluídos os destinados a salvar barreiras arquitectónicas para o seu uso por discapacitados.

Consideraranse obras conexas ás de rehabilitación as que se citan a continuación cando o seu custo total sexa inferior ao derivado das obras de consolidación ou tratamento de elementos estruturais, fachadas ou cubertas e, se for o caso, das obras análogas a estas, sempre que estean vinculadas a elas de forma indisoluble e non consistan no mero acabamento ou ornato da edificación nin no simple mantemento ou pintura da fachada:

- a) As obras de albanaría, fontanaría e carpintaría.
- b) As destinadas á mellora e adecuación de cerramentos, instalacións eléctricas, auga e climatización e protección contra incendios.
- c) As obras de rehabilitación enerxética.

Consideraranse obras de rehabilitación enerxética as destinadas á mellora do comportamento enerxético das edificacións reducindo a súa demanda enerxética, ao aumento do rendemento dos sistemas e instalacións térmicas ou á incorporación de equipamentos que utilicen fontes de enerxía renovables.»

Tres. O ordinal 7.º do número un.1 do artigo 91 queda redactado da seguinte forma:

«7.º Os edificios ou partes deles aptos para a súa utilización como vivendas, incluídas as prazas de garaxe, cun máximo de dúas unidades, e anexos neles situados que se transmitan conxuntamente.

No relativo a esta lei, non terán a consideración de anexos a vivendas os locais de negocio, aínda que se transmitan conxuntamente cos edificios ou parte deles destinados a vivendas.

Non se considerarán edificios aptos para a súa utilización como vivendas as edificacións destinadas á súa demolición a que se refire o artigo 20, número un, ordinal 22.º, parte A), letra c) desta lei.»

Catro. Con efectos desde a entrada en vigor deste real decreto lei e vixencia até o 31 de decembro de 2012, o ordinal 15.º do número un.2 do artigo 91 queda redactado da seguinte forma:

«15.º As execucións de obra de renovación e reparación realizadas en edificios ou partes deles destinados a vivendas, cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que o destinatario sexa persoa física, non actúe como empresario ou profesional e utilice a vivenda a que se refiren as obras para o seu uso particular.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, tamén se comprenderán nesta alínea as citadas execucións de obra cando o seu destinatario sexa unha comunidade de propietarios.

- b) Que a construción ou rehabilitación da vivenda a que se refiren as obras conclúese polo menos dous anos antes do inicio destas últimas.

- c) Que a persoa que realice as obras non achegue materiais para a súa execución ou, no caso de que os achegue, que o seu custo non exceda o 33 por cento da base imponible da operación.»

Artigo 3. *Ampliación do concepto de rehabilitación estrutural no imposto xeral indirecto canario.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias:

Un. O ordinal 4.º do número 2 do artigo 6 queda redactado da seguinte forma:

«4.º As execucións de obra que teñan por obxecto a construción ou rehabilitación dunha edificación, no sentido do número 5 do artigo 5 desta lei, cando o empresario que execute a obra achegue unha parte dos materiais utilizados, sempre que o seu custo exceda o 33 por cento da base imponible.»

Dous. O punto 22 do número 1 do artigo 10.º queda redactado da seguinte forma:

«22) As segundas e posteriores entregas de edificacións, incluídos os terreos en que se encontren enclavadas, cando teñan lugar despois de rematada a construción ou rehabilitación.

Os terreos en que se encontren enclavadas as edificacións comprenderán aqueles en que se realizasen as obras de urbanización accesorias a elas. Non obstante, tratándose de vivendas unifamiliares, os terreos urbanizados de carácter accesorio non poderán exceder os 5.000 metros cadrados.

Para os efectos do disposto nesta lei, considerarase primeira entrega a realizada polo promotor que teña por obxecto unha edificación cuxa construción ou rehabilitación estea rematada. Non obstante, non terá a consideración de primeira entrega a realizada polo promotor despois da utilización ininterrompida do inmovible por un prazo igual ou superior a dous anos polo seu propietario ou por titulares de dereitos reais de gozo ou desfrute ou en virtude de contratos de arrendamento sen opción de compra, salvo que o adquirente sexa quen utilizou a edificación durante o referido prazo. Non se computarán para estes efectos os períodos de utilización de edificacións polos seus adquirentes nos casos de resolución das operacións en cuxa virtude se efectuaron as correspondentes transmisións.

As transmisións non suxeitas ao imposto en virtude do establecido no artigo 9, ordinal 1.º, desta lei non terán, de ser o caso, a consideración de primeira entrega para efectos do disposto neste punto.

A exención non se estende:

a) Ás entregas de edificacións efectuadas no exercicio da opción de compra inherente a un contrato de arrendamento, por empresas dedicadas habitualmente a realizar operacións de arrendamento financeiro. Para estes efectos, o compromiso de exercer a opción de compra fronte ao arrendador asimilárase ao exercicio da opción de compra.

b) Ás entregas de edificacións para a súa rehabilitación polo adquirente.

Para os efectos desta lei, son obras de rehabilitación de edificacións as que reúnen os seguintes requisitos:

a') Que o seu obxecto principal sexa a reconstrución da edificación a que se refira, requisito que se entenderá cumprido cando máis do 50 por cento do custo total do proxecto corresponda con obras de consolidación ou tratamento de elementos estruturais dela ou con obras análogas ou conexas ás de rehabilitación.

b') Que o importe total das obras a que se refira o proxecto exceda o 25 por cento do prezo de adquisición da edificación de terse efectuado esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao inicio das obras de rehabilitación ou, noutro caso, do valor de mercado que tivese a edificación ou parte dela no momento do dito inicio. Para estes efectos, descontárase do prezo de adquisición ou do valor de mercado da edificación a parte proporcional correspondente ao solo.

Consideraranse obras análogas ás de rehabilitación as seguintes:

- a') As de adecuación estrutural que proporcionen á edificación condicións de seguridade construtiva, de forma que quede garantida a súa estabilidade e resistencia mecánica.
- b') As de reforzo ou adecuación da cimentación así como as que afecten ou consistan no tratamento de piares ou forxados.
- c') As de ampliación da superficie construída, sobre e baixo rasante.
- d') As de reconstrución de fachadas e patios interiores.
- e') As de instalación de elementos elevadores, incluídos os destinados a salvar barreiras arquitectónicas para o seu uso por discapacitados.

Consideraranse obras conexas ás de rehabilitación as que se citan a continuación cando o seu custo total sexa inferior ao derivado das obras de consolidación ou tratamento de elementos estruturais, fachadas ou cubertas e, se for o caso, das obras análogas a estas, sempre que estean vinculadas a elas de forma indisoluble e non consistan no mero acabamento ou ornato da edificación nin no simple mantemento ou pintura da fachada:

- a') As obras de albanería, fontanería e carpintería.
- b') As destinadas á mellora e adecuación de cerramentos, instalacións eléctricas, auga e climatización e protección contra incendios.
- c') As obras de rehabilitación enerxética.

Consideraranse obras de rehabilitación enerxética as destinadas á mellora do comportamento enerxético das edificacións reducindo a súa demanda enerxética, ao aumento do rendemento dos sistemas e instalacións térmicas ou á incorporación de equipamentos que utilicen fontes de enerxía renovables.

- c) Ás entregas de edificacións que sexan obxecto de demolición con carácter previo a unha nova promoción urbanística.»

Tres. A letra f) do ordinal 1.º do número 1 do artigo 27.º queda redactada da seguinte forma:

«f) As execucións de obras, con ou sen achega de materiais, consecuencia de contratos directamente formalizados entre o promotor e o contratista, que teñan por obxecto a construción e rehabilitación das vivendas cualificadas administrativamente como de protección oficial de réxime especial, así como a construción ou rehabilitación de obras de equipamento comunitario.

Entenderase por equipamento comunitario aquel que consiste en:

Os edificios de carácter demanial.

As infraestruturas públicas de auga, telecomunicación, ferroviarias, enerxía eléctrica, rede de sumidoiros, parques, xardíns e superficies viarias en zonas urbanas.

A consideración como equipamento comunitario das infraestruturas públicas ferroviarias comprenderá tanto aquelas en que a Administración competente sexa quen as promova directamente como cando esta actúe de maneira indirecta a través doutra entidade que, non tendo a consideración de Administración pública, sexa quen teña, mediante calquera título administrativo habilitante concedido por parte da Administración pública, a capacidade necesaria para contratar a realización das ditas infraestruturas.

Non se inclúen, en ningún caso, as obras de conservación, mantemento, reformas, rehabilitación, ampliación ou mellora das ditas infraestruturas.

As potabilizadoras, desalinizadoras e depuradoras de titularidade pública.»

## CAPÍTULO II

### Medidas para favorecer a actividade empresarial

Artigo 4. *Continuidade dos contratos públicos en determinadas situacións concursais.*

Un. Modifícase a letra b) do artigo 49.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, que queda redactada nos seguintes termos:

«b) Teren solicitado a declaración de concurso voluntario, teren sido declaradas insolventes en calquera procedemento, estaren declaradas en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estaren suxeitas a intervención xudicial ou teren sido inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.»

Dous. Modifícase o artigo 208.5, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. En todo caso, o acordo de resolución conterá pronunciamento expreso acerca da procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía que, se for o caso, estiver constituída. Só se acordará a perda da garantía en caso de resolución do contrato por concurso do contratista cando o concurso tiver sido cualificado como culpable.»

Tres. Modifícase a letra b) do artigo 209.2, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, que queda redactada nos seguintes termos:

«b) Que o cedente teña executado, polo menos, un 20 por cento do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que efectuase a súa explotación durante, polo menos, unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce encontrándose o adxudicatario en concurso aínda que se abra a fase de liquidación.»

Artigo 5. *Continuidade na aplicación do réxime de subvencións en determinadas situacións concursais.*

Un. Modifícase a letra b) do artigo 13.2, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que queda redactada nos seguintes termos:

«b) Ter solicitado a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, estar declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.»

Dous. Modifícase o parágrafo terceiro do artigo 34.4, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que queda redactado nos seguintes termos:

«En ningún caso se poderán realizar pagamentos anticipados a beneficiarios cando se solicitase a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, estivesen declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.»

Artigo 6. *Ampliación da liberdade de amortización con mantemento de emprego aos anos 2011 e 2012.*

Modifícase a disposición adicional décimo primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo primeira. *Liberdade de amortización con mantemento de emprego.*

1. Os investimentos en elementos novos do inmovilizado material e dos investimentos inmobiliarios afectos a actividades económicas, postos á disposición do suxeito pasivo nos períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012, poderán ser amortizados libremente sempre que, durante os vinte e catro meses seguintes á data de inicio do período impositivo en que os elementos adquiridos entren en funcionamento, o cadro de persoal medio total da entidade se manteña respecto do cadro de persoal medio dos doce meses anteriores. A dedución non estará condicionada á súa imputación contable na conta de perdas e ganancias.

Este réxime tamén se aplicará a estes investimentos realizados mediante contratos de arrendamento financeiro que cumpran as condicións establecidas no artigo 115 desta lei, por suxeitos pasivos que determinen a súa base imponible polo réxime de estimación directa, a condición de que se exerza a opción de compra.

2. O establecido no número anterior non será de aplicación aos investimentos cuxa posta á disposición teña lugar dentro dos períodos impositivos establecidos no dito punto, que correspondan a elementos novos encargados en virtude de contratos de execución de obras ou proxectos de investimento cuxo período de execución, en ambos os casos, requira un prazo superior a dous anos entre a data de encarga ou de inicio do investimento e a data da súa posta á disposición ou en funcionamento. Non obstante, nestes casos, a liberdade de amortización a que se refire o número anterior aplicarase exclusivamente sobre o investimento en curso realizado dentro dos períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012.

3. Tratándose de investimentos correspondentes a elementos encargados en virtude de contratos de execución de obras ou proxectos de investimento cuxo período de execución, en ambos os casos, requira un prazo superior a dous anos entre a data de encargo ou de inicio do investimento e a data da súa posta á disposición ou en funcionamento, aínda que estas últimas se produzan con posterioridade aos períodos indicados no número primeiro, a liberdade de amortización aplicarase exclusivamente sobre o investimento en curso realizado dentro dos períodos impositivos iniciados dentro dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012.»

Artigo 7. *Simplificación dos requisitos para recuperar o imposto sobre o valor engadido no caso de créditos incobrables.*

Modifícanse os números catro e cinco do artigo 80 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que quedan redactados da seguinte forma:

«Catro. A base imponible tamén se poderá reducir proporcionalmente cando os créditos correspondentes ás cotas repercutidas polas operacións gravadas sexan total ou parcialmente incobrables.

Para estes efectos, un crédito considerarase total ou parcialmente incobrable cando reúna as seguintes condicións:

1.<sup>a</sup> Que transcorrese un ano desde o devengo do imposto repercutido sen que se obtivese o cobramento de todo ou parte do crédito derivado del.

Non obstante, cando se trate de operacións a prazos ou con prezo aprazado, deberá ter transcorrido un ano desde o vencemento do prazo ou prazos non pagados co fin de proceder á redución proporcional da base imponible. Para estes efectos, consideraranse

operacións a prazos ou con prezo aprazado aquelas en que se pactase que a súa contraprestación deba facerse efectiva en pagamentos sucesivos ou nun só, respectivamente, sempre que o período transcorrido entre o devengo do imposto repercutido e o vencemento do último ou único pagamento sexa superior a un ano.

Cando o titular do dereito de crédito cuxa base imponible se pretende reducir sexa un empresario ou profesional cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 desta lei, non excedese durante o ano natural inmediato anterior os 6.010.121,04 euros, o prazo dun ano a que se refire esta condición 1.<sup>a</sup> será de seis meses.

2.<sup>a</sup> Que esta circunstancia quedase reflectida nos libros de rexistro exixidos para este imposto.

3.<sup>a</sup> Que o destinatario da operación actúe na condición de empresario ou profesional ou, noutro caso, que a base imponible daquela, imposto sobre o valor engadido excluído, sexa superior a 300 euros.

4.<sup>a</sup> Que o suxeito pasivo instase o seu cobramento mediante reclamación xudicial ao debedor ou por medio de requirimento notarial a este, mesmo cando se trate de créditos afianzados por entes públicos.

Cando se trate de créditos debidos por entes públicos, a reclamación xudicial ou o requirimento notarial a que se refire a condición 4.<sup>a</sup> anterior substituirase por unha certificación expedida polo órgano competente do ente público debedor de acordo co informe do interventor ou tesoureiro daquel en que conste o recoñecemento da obriga a cargo del e a súa contía.

A modificación deberase realizar no prazo dos tres meses seguintes á finalización do período dun ano a que se refire a condición 1.<sup>a</sup> anterior e comunicarse á Axencia Estatal de Administración Tributaria no prazo que se fixe regulamentariamente.

Cando o titular do dereito de crédito cuxa base imponible se pretende reducir sexa un empresario ou profesional cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 desta lei, non excedese durante o ano natural inmediato anterior os 6.010.121,04 euros, o prazo dun ano a que se refire o parágrafo anterior será de seis meses.

Unha vez practicada a redución da base imponible, esta non se volverá modificar á alza aínda que o suxeito pasivo obtivese o cobramento total ou parcial da contraprestación, salvo cando o destinatario non actúe na condición de empresario ou profesional. Neste caso, entenderase que o imposto sobre o valor engadido está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación percibida.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o suxeito pasivo desista da reclamación xudicial ao debedor ou chegue a un acordo de cobramento con el con posterioridade ao requirimento notarial efectuado, como consecuencia deste ou por calquera outra causa, deberá modificar novamente a base imponible á alza mediante a expedición, no prazo dun mes contado desde a desistencia ou desde o acordo de cobramento, respectivamente, dunha factura rectificativa en que se repercuta a cota procedente.

Cinco. En relación cos supostos de modificación da base imponible comprendidos nos puntos tres e catro anteriores, aplicaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Non procederá a modificación da base imponible nos casos seguintes:

- a) Créditos que se beneficien de garantía real, na parte garantida.
- b) Créditos afianzados por entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca ou cubertos por un contrato de seguro de crédito ou de caución, na parte afianzada ou asegurada.
- c) Créditos entre persoas ou entidades vinculadas definidas no artigo 79, número cinco desta lei.
- d) Créditos debidos ou afianzados por entes públicos.

O disposto nesta letra d) non se aplicará á redución da base imponible realizada de acordo co número catro do artigo 80 desta lei para os créditos que se consideren total ou parcialmente incobrables, sen prexuízo da necesidade de cumprir co requisito de

acreditación documental da falta de pagamento a que se refire a condición 4.<sup>a</sup> do dito precepto.

2.<sup>a</sup> Tampouco procederá a modificación da base impositiva cando o destinatario das operacións non estea establecido no territorio de aplicación do imposto, nin en Canarias, Ceuta ou Melilla.

3.<sup>a</sup> Nos supostos de pagamento parcial anteriores á citada modificación, entenderase que o imposto sobre o valor engadido está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación satisfeita.

4.<sup>a</sup> A rectificación das deducións do destinatario das operacións, que deberá practicarse segundo o disposto no artigo 114, número dous, ordinal 2.º, segundo parágrafo desta lei, determinará o nacemento do correspondente crédito en favor da Facenda pública.

Se o destinatario das operacións suxeitas non tivo dereito á dedución total do imposto, resultará tamén debedor fronte á Facenda Pública polo importe da cota do imposto non deducible.»

**Artigo 8.** *Simplificación dos requisitos para recuperar o imposto xeral indirecto canario no caso de créditos incobrables.*

Modifícanse os números 7 e 8 do artigo 22.º da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, que quedan redactados da seguinte forma:

«7. A base impositiva tamén se poderá reducir proporcionalmente cando os créditos correspondentes ás cotas repercutidas polas operacións gravadas sexan total ou parcialmente incobrables.

Para estes efectos, un crédito considerarase total ou parcialmente incobrable cando reúna as seguintes condicións:

1.<sup>a</sup> Que transcorrese un ano desde o devengo do imposto repercutido sen que se obtivese o cobramento de todo ou parte do crédito derivado del.

Non obstante, cando se trate de operacións a prazos ou con prezo aprazado, deberá ter transcorrido un ano desde o vencemento do prazo ou prazos non pagados co fin de proceder á redución proporcional da base impositiva. Para estes efectos, considerarase operacións a prazos ou con prezo aprazado aquelas en que se pactase que a súa contraprestación deba facerse efectiva en pagamentos sucesivos ou nun só, respectivamente, sempre que o período transcorrido entre o devengo do imposto repercutido e o vencemento do último ou único pagamento sexa superior a un ano.

Cando o titular do dereito de crédito cuxa base impositiva se pretende reducir sexa un empresario ou profesional cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 51 desta lei, non excedese durante o ano natural inmediato anterior os 6.010.121,04 euros, o prazo dun ano a que se refire esta condición 1.<sup>a</sup> será de seis meses.

2.<sup>a</sup> Que esta circunstancia quedase reflectida nos libros rexistros exixidos para este imposto.

3.<sup>a</sup> Que o destinatario da operación actúe na condición de empresario ou profesional ou, noutro caso, que a base impositiva daquela, imposto sobre o valor engadido excluído, sexa superior a 300 euros.

4.<sup>a</sup> Que o suxeito pasivo instase o seu cobramento mediante reclamación xudicial ao debedor ou por medio de requirimento notarial a este, incluso cando se trate de créditos afianzados por entes públicos.

Cando se trate de créditos debidos por entes públicos, a reclamación xudicial ou o requirimento notarial a que se refire a condición 4.<sup>a</sup> anterior substituirase por unha certificación expedida polo órgano competente do ente público debedor de acordo co

informe do interventor ou tesoureiro daquel en que conste o recoñecemento da obriga a cargo deste e a súa contía.

A modificación deberá realizarse no prazo dos tres meses seguintes á finalización do período dun ano a que se refire a condición 1.<sup>a</sup> do parágrafo anterior e comunicarse á Administración tributaria canaria no prazo que se fixe regulamentariamente.

Cando o titular do dereito de crédito cuxa base impositiva se pretende reducir sexa un empresario ou profesional cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 51 desta lei, non excedese durante o ano natural inmediato anterior os 6.010.121,04 euros, o prazo dun ano a que se refire o parágrafo anterior será de seis meses.

Unha vez practicada a redución da base impositiva, esta non se volverá modificar á alza aínda que o suxeito pasivo obtivese o cobramento total ou parcial da contraprestación, salvo cando o destinatario non actúe na condición de empresario ou profesional. Neste caso, entenderase que o imposto xeral indirecto canario está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación percibida.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando o suxeito pasivo desista da reclamación xudicial ao debedor ou chegue a un acordo de cobramento con el con posterioridade ao requirimento notarial efectuado, como consecuencia deste ou por calquera outra causa, deberá modificar novamente a base impositiva á alza mediante a expedición, no prazo dun mes contado desde a desistencia ou desde o acordo de cobramento, respectivamente, dunha factura rectificativa en que se repercuta a cota procedente.

8. En relación cos supostos de modificación da base impositiva comprendidos no número 6 anterior, aplicaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Non procederá a modificación da base impositiva nos casos seguintes:

- a) Créditos que se beneficien de garantía real, na parte garantida.
- b) Créditos afianzados por entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca ou cubertos por un contrato de seguro de crédito ou de caución, na parte afianzada ou asegurada.
- c) Créditos entre persoas ou entidades vinculadas definidas no artigo 23, número 3 desta lei.
- d) Créditos debidos ou afianzados por entes públicos.

O disposto nesta letra d) non se aplicará á redución da base impositiva realizada de acordo co número 7 do artigo 22º desta lei para os créditos que se consideren total ou parcialmente incobrables, sen prexuízo da necesidade de cumprir co requisito de acreditación documental da falta de pagamento a que se refire a condición 4.<sup>a</sup> do dito precepto.

2.<sup>a</sup> Tampouco procederá a modificación da base impositiva cando o destinatario das operacións non estea establecido no territorio de aplicación do imposto.

3.<sup>a</sup> Nos supostos de pagamento parcial anteriores á citada modificación, entenderase que o imposto xeral indirecto canario está incluído nas cantidades percibidas e na mesma proporción que a parte de contraprestación satisfeita.

4.<sup>a</sup> A rectificación das deducións do destinatario das operacións, que deberá practicarse segundo o disposto no artigo 44 desta lei, determinará o nacemento do correspondente crédito a favor da Facenda Pública.

Se o destinatario das operacións suxeitas non tivo dereito á dedución total do imposto, resultará tamén debedor fronte á Facenda Pública polo importe da cota do imposto non deducible.»

**Artigo 9.** *Habilitación a CESCE para que poida instrumentar coberturas á exportación en forma de garantías.*

Engádese unha disposición adicional primeira á Lei 10/1970, do 4 de xullo, pola que se modifica o réxime do seguro de crédito á exportación, coa seguinte redacción:



«Disposición adicional primeira. *Garantías en operacións con cobertura de crédito por conta do Estado.*

As coberturas outorgadas en nome propio e por conta do Estado pola Compañía Española de Seguro de Crédito á Exportación S.A. Cia. de Seguros e Reaseguros (en diante, CESCE), sobre riscos derivados do comercio exterior dos investimentos exteriores e das transaccións económicas co exterior, poderán instrumentarse mediante garantías, ou seguros de crédito, dentro dos ramos autorizados para a dita compañía.

Para os efectos do parágrafo anterior, o termo «garantía» debe remitirse, aínda que sen carácter limitativo, á regulación do contrato de afianzamento mercantil que se efectúa nos artigos 439 ao 442 do Código de comercio, e subsidiariamente ao disposto nos artigos 1822 a 1856 do Código civil. En particular, inclúese nas garantías citadas a fianza, a garantía a primeira demanda e calquera outro compromiso de pagamento ou resarcimento que resulte exigible en caso de incumprimento das obrigas obxecto de garantía e que sexan estritamente necesarias para participar nas licitacións públicas ou en determinados contratos base de exportación.»

Artigo 10. *Renovación da prórroga sobre excepcións á aplicación dos novos criterios de valoración de solo.*

Un. Modifícase o número 2 da disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os terreos que, no momento da entrada en vigor daquela, formen parte do solo urbanizable incluído en ámbitos delimitados para os cales o planeamento establece as condicións para o seu desenvolvemento, valoraranse conforme as regras establecidas na Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime de solo e valoracións, tal e como quedaron redactadas pola Lei 10/2003, do 20 de maio, sempre e cando no momento a que deba entenderse referida a valoración non vencesen os prazos para a execución do planeamento ou, se venceron, sexa por causa imputable á Administración ou a terceiros.

De non existir previsión expresa sobre prazos de execución no planeamento nin na lexislación de ordenación territorial e urbanística, as regras a que se refire o parágrafo anterior serán de aplicación até o 31 de decembro de 2011.»

Dous. Modifícase a disposición adicional sétima do texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional sétima. *Regras para a capitalización de rendas en solo rural.*

1. Para a capitalización da renda anual real ou potencial da explotación a que se refire o número 1 do artigo 23 utilizarase como tipo de capitalización a última referencia publicada polo Banco de España do rendemento interno no mercado secundario da débeda pública de prazo entre dous e seis anos.

2. Este tipo de capitalización poderá ser corrixido aplicando á referencia indicada no número anterior un coeficiente corrector en función do tipo de cultivo, explotación ou aproveitamento do solo, cando o resultado das valoracións se afaste de forma significativa respecto dos prezos de mercado do solo rural sen expectativas urbanísticas.

Os termos da dita corrección determinaranse regulamentariamente.»

Artigo 11. *Medidas extraordinarias para a dinamización do sector turístico.*

1. Durante o período comprendido entre o día de entrada en vigor deste real decreto lei e até o 31 de decembro de 2010, os suxeitos pasivos da taxa de aterraxe e da tarifa B.1, regulada no artigo 4 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, terán dereito a unha subvención do cincuenta por cento do importe devengado nos aeroportos das Illas Canarias os días da semana que se reflectan no seguinte cadro, sempre que o beneficiario da subvención

mantéña para os restantes días da semana o número de operacións xa programadas con data do 31 de xaneiro de 2010, para a temporada de programación de verán de 2010, e con data do 31 de agosto de 2010, para a temporada de programación de inverno de 2010/2011.

Aeroporto	Día da semana
Gran Canaria .....	Martes.
Tenerife Sur .....	Xoves.
Lanzarote .....	Mércores.
Fuerteventura .....	Xoves e venres.
Tenerife Norte .....	Sábado.
La Palma .....	Todos os días.

O desfrute desta subvención excluírá a aplicación da bonificación establecida para as citadas taxas no artigo 103 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, durante o período que abarca a aplicación desta medida extraordinaria.

A subvención deberá solicitarse durante o mes de xaneiro de 2011 e satisfará a AENA compensando o seu importe con calquera cantidade que lle deban os beneficiarios e, non sendo isto posible en todo ou en parte, mediante o seu aboamento en diñeiro antes do 31 de xullo de 2011.

2. Durante o período comprendido entre o día de entrada en vigor deste real decreto lei e o 31 de decembro de 2010 mantense a bonificación do 30 por cento das taxas de aterraxe de aeronaves e taxas aplicables aos pasaxeiros nos termos establecidos no punto primeiro da disposición adicional primeira da Lei 5/2009, do 29 de xuño.

3. Os órganos e organismos con competencias en materia de navegación aérea deberán reducir os seus custos de tal maneira que os custos de navegación aérea que o Goberno presente a Eurocontrol para o ano 2011 se reduzan nun 7,8 por cento.

### CAPÍTULO III

#### Medidas de apoio ás pemes

**Artigo 12.** *Programa do Instituto de Crédito Oficial de financiamento directo a pemes e autónomos.*

O Instituto de Crédito Oficial (ICO) porá en funcionamento antes do 15 de xuño de 2010 un programa temporal de financiamento directo ás pemes e autónomos, mediante a contratación dunha rede financeira de ámbito nacional para a prestación dos servizos necesarios. Para tal efecto, o Consello de Ministros ou a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos dirixirán instrucións ao ICO en que se conteñan as condicións xerais que deban rexer o citado programa e, en todo caso, se determinen os límites do financiamento directo que poida outorgar no seu cumprimento, así como o período de vixencia do programa.

**Artigo 13.** *Habilitación para o reinvestimento en activo circulante da liquidez captada mediante o Fondo de titulización da pequena e mediana empresa.*

Modifícase o último parágrafo do número un do artigo 57 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, que queda redactado nos seguintes termos:

«A entidade que ceda os préstamos e créditos deberá reinvestir a liquidez obtida como consecuencia do proceso de titulización en préstamos ou créditos concedidos a todo tipo de empresas non financeiras domiciliadas en España, das cales, polo menos, o 80 por cento sexan pequenas e medianas empresas. O reinvestimento deberá realizarse, polo menos o 50 por cento, no prazo dun ano contado desde a efectiva disposición da liquidez,

e o resto no prazo de dous anos. Para estes efectos, entenderase por liquidez obtida o importe dos activos que a entidade cede ao Fondo de Titulización no momento da súa constitución así como, se for o caso, nas posteriores cesións que se realicen como consecuencia do carácter aberto do Fondo, durante o período anteriormente indicado de dous anos.»

Artigo 14. *Simplificación das obrigas de documentación das operacións vinculadas que deben cumprir as entidades de reducida dimensión.*

Con efectos para os períodos impositivos que conclúan a partir do 19 de febreiro de 2009, modifícanse os números 2 e 10.1.º do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. As persoas ou entidades vinculadas deberán manter á disposición da Administración tributaria a documentación que se estableza regulamentariamente.

Esta documentación non será exixible ás persoas ou entidades cuxo importe neto da cifra de negocios habida no período impositivo sexa inferior a oito millóns de euros, sempre que o total das operacións realizadas neste período con persoas ou entidades vinculadas non supere o importe conxunto de 100.000 euros de valor de mercado. Para determinar o importe neto da cifra de negocios teranse en consideración os criterios establecidos no artigo 108 desta lei. Non obstante, deberán documentarse en todo caso as operacións realizadas con persoas ou entidades vinculadas que residan nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal, excepto que residan nun Estado membro da Unión Europea e o suxeito pasivo acredite que as operacións responden a motivos económicos válidos e que esas persoas ou entidades realizan actividades económicas.»

«10.1.º Cando non proceda efectuar correccións valorativas pola Administración tributaria respecto das operacións suxeitas ao imposto sobre sociedades, ao imposto sobre a renda das persoas físicas ou ao imposto sobre a renda de non-residentes, a sanción consistirá en multa pecuniaria fixa de 1.500 euros por cada dato e 15.000 euros por conxunto de datos, omitido, inexacto ou falso, referidos a cada unha das obrigas de documentación que se establezan regulamentariamente para o grupo ou para cada entidade na súa condición de suxeito pasivo ou contribuínte.

Nos supostos das persoas ou entidades a que se refire o parágrafo segundo do número 2 deste artigo ás cales non resulte de aplicación a exoneración establecida no dito parágrafo, a sanción a que se refire este número 1.º terá como límite máximo a menor das dúas contías seguintes:

O 10 por cento do importe conxunto das operacións a que se refire este número 1.º realizadas no período impositivo.

O 1 por cento do importe neto da cifra de negocios.

#### CAPÍTULO IV

##### Medidas para favorecer a protección dos cidadáns

Artigo 15. *Inembargabilidade de ingresos mínimos familiares.*

No caso de que, de acordo co disposto no artigo 129 da Lei hipotecaria, o prezo obtido pola venda da vivenda habitual hipotecada sexa insuficiente para cubrir o crédito garantido, na execución forzosa posterior baseada no mesmo título executivo a cantidade inembargable establecida no artigo 607.1 da Lei de axuízamento civil incrementarase nun 10 por cento e, ademais, noutro 20 por cento do salario mínimo interprofesional por cada membro do núcleo familiar que non dispoña de ingresos propios regulares, salario nin pensión. Para

estes efectos, enténdese por núcleo familiar o cónxuxe ou parella de feito e os ascendentes e descendentes de primeiro grao que convivan co executado.

Os salarios, soldos, xornais, retribucións ou pensións que sexan superiores ao salario mínimo interprofesional e, se for o caso, ás contías que resulten de aplicar a regra para a protección do núcleo familiar prevista no número anterior, embárganse conforme a escala prevista no artigo 607.2 da mesma lei.

*Artigo 16. Aplicación do tipo superreducido do imposto sobre o valor engadido aos servizos de dependencia que se presten mediante prazas concertadas ou mediante prezos derivados de concursos administrativos.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido:

Un. Modifícase o ordinal 9.º do número un.2 do artigo 91, que queda redactado da seguinte forma:

«9.º As prestacións de servizos a que se refire o ordinal 8º do número un do artigo 20 desta lei cando non estean exentas de acordo con este precepto nin lles resulte de aplicación o tipo impositivo establecido no ordinal 3º do número dous.2 deste artigo.»

Dous. Modifícase o número dous.2 do artigo 91, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As prestacións de servizos seguintes:

1.º Os servizos de reparación dos vehículos e das cadeiras de rodas comprendidos no parágrafo primeiro do ordinal 4.º do número dous.1 deste artigo e os servizos de adaptación dos autotaxis e autoturismos para persoas con discapacidades e dos vehículos de motor a que se refire o parágrafo segundo do mesmo precepto, independentemente de quen sexa o seu condutor.

2.º Os arrendamentos con opción de compra de edificios ou partes deles destinados exclusivamente a vivendas cualificadas administrativamente como de protección oficial de réxime especial ou de promoción pública, incluídas as prazas de garaxe, cun máximo de dúas unidades, e anexos neles situados que se arrenden conxuntamente.

3.º Os servizos de teleasistencia, axuda a domicilio, centro de día e de noite e atención residencial, a que se refiren as letras b), c), d) e e) do número 1 do artigo 15 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que non resulten exentos por aplicación do ordinal 8º do número un do artigo 20 desta lei, sempre que se presten en prazas concertadas en centros ou residencias ou mediante prezos derivados dun concurso administrativo adxudicado ás empresas prestadoras en aplicación do disposto na dita lei.»

*Artigo 17. Exención no imposto sobre a renda das persoas físicas das cantidades satisfeitas polas empresas para o transporte colectivo dos seus traballadores.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2010, engádese unha letra h) ao número 2 do artigo 42 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«h) As cantidades satisfeitas ás entidades encargadas de prestar o servizo público de transporte colectivo de viaxeiros coa finalidade de favorecer o desprazamento dos empregados entre o seu lugar de residencia e o centro de traballo, co límite de 1.500 euros anuais para cada traballador. Tamén terán a consideración de cantidades satisfeitas ás entidades encargadas de prestar o citado servizo público as fórmulas indirectas de pagamento que cumpran as condicións que se establezan regulamentariamente.»

Artigo 18. *Requisitos para determinadas emisións dirixidas ao público en xeral.*

Un. Engádesse un novo parágrafo final no número 1 do artigo 30 bis, da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coa seguinte redacción:

«Cando se trate de colocación de emisións previstas nas letras b), c), d) e e) deste punto, dirixidas ao público en xeral, empregando calquera forma de comunicación publicitaria, deberá intervir unha entidade autorizada para prestar servizos de investimento para os efectos da comercialización dos valores emitidos.»

Dous. Engádesse unha nova letra II) bis ao artigo 99 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coa seguinte redacción:

«II bis) A colocación de emisións ás cales se refire o artigo 30 bis.1 desta lei sen cumprir o requisito de intervención de entidade autorizada previsto no dito precepto, sen averse ás condicións básicas publicitadas, omitindo datos relevantes ou incluíndo inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano na citada actividade publicitaria, cando, en todos estes supostos, non se considere infracción moi grave de acordo co disposto no artigo 99.n bis).»

## CAPÍTULO V

### Medidas relativas aos sectores enerxéticos

Artigo 19. *Empresas de servizos enerxéticos.*

1. Enténdese por empresa de servizos enerxéticos para os efectos deste real decreto lei aquela persoa física ou xurídica que poida proporcionar servizos enerxéticos, na forma definida no parágrafo seguinte, nas instalacións ou locais dun usuario e afronte certo grao de risco económico ao facelo. Todo isto, sempre que o pagamento dos servizos prestados se basee, xa sexa en parte ou totalmente, na obtención de aforros de enerxía por introdución de melloras da eficiencia enerxética e no cumprimento dos demais requisitos de rendemento acordados.

2. O servizo enerxético prestado pola empresa de servizos enerxéticos consistirá nun conxunto de prestacións que inclúen a realización de investimentos inmateriais, de obras ou de subministracións necesarias para optimizar a calidade e a redución dos custos enerxéticos. Esta actuación poderá comprender, ademais da construción, instalación ou transformación de obras, equipamentos e sistemas, o seu mantemento, actualización ou renovación, a súa explotación ou a súa xestión derivados da incorporación de tecnoloxías eficientes. O servizo enerxético así definido deberase prestar baseándose nun contrato que deberá levar asociado un aforro de enerxía verificable, medible ou estimable.

3. O Goberno, no prazo de 6 meses, aprobará un plan específico de impulso das empresas de servizos enerxéticos, prevendo de forma particular un programa concreto para as administracións públicas.

4. Para facilitar o coñecemento das empresas de servizos enerxéticos, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, aprobará un programa de acordos voluntarios con empresas de servizos enerxéticos que permita a elaboración e publicación na sede electrónica do Instituto dunha relación de empresas habilitadas, incluíndo a información de contacto e os servizos prestados que voluntariamente faciliten as empresas.

Artigo 20. *Especialidades na contratación de empresas de servizos enerxéticos no sector público.*

1. Durante os dous anos seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei aplicaranse as seguintes normas procedementais á contratación necesaria para a execución do

programa de prestación de servizos enerxéticos no sector público descrita no número 3 do artigo anterior, independentemente da forma de contratación utilizada:

- a) Esta contratación terá a consideración de urxente para os efectos previstos no artigo 96 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- b) A adxudicación provisional dos correspondentes contratos deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días naturais, contados desde o día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de proposicións ou de ofertas finais, no caso do contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado.
- c) O prazo para elevar a definitiva a adxudicación provisional a que fai referencia o primeiro inciso do parágrafo terceiro do artigo 135.4 da Lei de contratos do sector público será de 10 días hábiles.
- d) No procedemento de contratación por parte dos órganos da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, a comunicación con estes realizarase utilizando só medios electrónicos conforme o artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

2. No caso de que se opte polo contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado, ademais aplicaranse as seguintes normas:

- a) O desenvolvemento do diálogo cos licitadores non excederá os 45 días.
- b) O prazo para a presentación das ofertas finais será de 15 días desde a data en que os participantes no diálogo reciban a invitación para a presentaren.

Artigo 21. *Cobertura financeira de eventuais desfases temporais por desaxustes nas liquidacións das actividades reguladas no sector eléctrico.*

Modifícase a disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional vixésimo primeira. *Suficiencia das peaxes de acceso e desaxustes de ingresos das actividades reguladas do sector eléctrico.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2013, as peaxes de acceso serán suficientes para satisfacer a totalidade dos custos das actividades reguladas sen que poida aparecer déficit ex ante. A eventual aparición de desviacións transitorias por desaxustes nos custos ou ingresos reais respecto aos que serviron de base para a fixación das peaxes de acceso en cada período dará lugar a que as tarifas de acceso do período seguinte ao da aparición do dito desaxuste temporal se modifiquen na contía necesaria para o seu axuste.

Cando, pola aparición de desaxustes temporais, o fondo acumulado na conta específica a que se refire o Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, aberta en réxime de depósito, presente un saldo negativo, este será liquidado pola Comisión Nacional de Enerxía nas liquidacións mensuais, aplicando as seguintes porcentaxes de repartición:

- “Iberdrola, S. A.”: 35,01 por cento.
- “Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.”: 6,08 por cento.
- “Endesa, S. A.”: 44,16 por cento.
- “E.ON España, S.L.”: 1,00 por cento.
- “GAS Natural S.D.G, S.A.”: 13,75 por cento.

Estas porcentaxes de repartición así como a lista de empresas obrigadas poderán ser modificadas por real decreto, cando se produzan desinvestimentos significativos que afecten as empresas na actividade de distribución, cando se produzan cambios estruturais substanciais na actividade de xeración que así o xustifiquen ou como consecuencia de investimentos ou desinvestimentos significativos en activos de xeración.

As empresas terán dereito a recuperar as achegas por este concepto nas 14 liquidacións correspondentes ao período en que se modifiquen as tarifas de acceso para o recoñecemento do dito desaxuste temporal. As cantidades achegadas por este concepto serán devoltas e

recoñecerase un tipo de xuro en condicións equivalentes ás do mercado que se fixará na orde pola que se aproban as peaxes.

2. Até o 1 de xaneiro de 2013, as disposicións polas que se aproben as peaxes de acceso recoñecerán de forma expresa os déficit de ingresos que, se for o caso, se estime que se poidan producir nas liquidacións das actividades reguladas no sector eléctrico.

Así mesmo, entenderase que se producen desaxustes temporais se como resultado das liquidacións das actividades reguladas en cada período resultase un déficit de ingresos superior ao previsto na disposición pola cal se aprobaron as peaxes de acceso correspondentes. Este desaxuste temporal recoñecerase de forma expresa nas disposicións de aprobación das peaxes de acceso do período seguinte.

Cando, pola aparición de desaxustes temporais, o fondo acumulado na conta específica a que se refire o Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, aberta en réxime de depósito, presente un saldo negativo, este será liquidado pola Comisión Nacional de Enerxía nas liquidacións mensuais, aplicando as seguintes porcentaxes de repartición:

“Iberdrola, S. A.”: 35,01 por cento.

“Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.”: 6,08 por cento.

“Endesa, S. A.”: 44,16 por cento.

“E.ON España, S.L.”: 1,00 por cento.

“GAS Natural S.D.G, S.A.”: 13,75 por cento.

Estas porcentaxes de repartición poderán ser modificadas por real decreto, cando se produzan desinvestimentos significativos que afecten as empresas na actividade de distribución, cando se produzan cambios estruturais substanciais na actividade de xeración que así o xustifiquen ou como consecuencia de investimentos ou desinvestimentos significativos en activos de xeración.

As empresas terán dereito a recuperar as achegas por este concepto nas 14 liquidacións correspondentes ao período en que se modifiquen as tarifas de acceso para o recoñecemento do dito desaxuste temporal. As cantidades achegadas por este concepto serán devoltas e recoñecerase un tipo de xuro en condicións equivalentes ás do mercado que se fixará na orde pola cal se aproban as peaxes.

3. Se o importe do desaxuste temporal definido nos puntos 1 e 2 non for coñecido no momento da aprobación da disposición pola cal se aproban as peaxes de acceso do período seguinte, na devandita disposición recoñeceranse de forma expresa, incluíndo os xuros que puideren devengar os importes que, se for o caso, se considere que vaian ser financiados.

Habílitase a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para modificar estes importes polos realmente financiados por cada unha das empresas, cando se dispoña da información da liquidación 14 do exercicio correspondente.

A diferenza entre os importes recoñecidos coa información da liquidación 14 e os resultantes da liquidación definitiva do correspondente exercicio terá a consideración de custo ou ingreso liquidable do sistema do exercicio en que se produza.

4. Non obstante, para os anos 2009, 2010, 2011 e 2012, o déficit de ingresos previsto na disposición pola que se aprobaron as peaxes de acceso correspondentes non será superior a 3.500 millóns de euros, 3.000 millóns de euros, 2.000 millóns de euros e 1.000 millóns de euros, respectivamente.

5. Os déficit do sistema de liquidacións eléctrico xerarán dereitos de cobramento consistentes no dereito a percibir un importe da facturación mensual por peaxes de acceso dos anos sucesivos até a súa satisfacción. As cantidades achegadas por este concepto serán devoltas recoñecéndose un tipo de xuro en condicións equivalentes ás do mercado que se fixará na orde pola que se aproban as peaxes.

Os pagamentos que realice a Comisión Nacional de Enerxía necesarios para satisfacer os dereitos de cobramento terán consideración de custos permanentes do sistema e recadaranse a través das peaxes de acceso até a súa satisfacción total.

Para o financiamento destes déficit, os dereitos de cobramento correspondentes poderanse ceder a un fondo de titulización que se constituirá para estes efectos e que se

denominará Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico, segundo o previsto na disposición adicional quinta da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de entidades de crédito á Segunda Directiva de Coordinación Bancaria e se introducen outras modificacións relativas ao sistema financeiro, sendo de aplicación o disposto no Real decreto 926/1998, do 14 maio, polo que se regulan os fondos de titulización de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulización. A constitución do Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico requirirá o informe previo favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

O activo do Fondo de titulización estará constituído por:

a. Dereitos de cobramento xerados e non cedidos a terceiros polos titulares iniciais do dereito até 10.000 millóns de euros na data do 31 de decembro de 2008. O prezo de cesión destes dereitos e as súas condicións de cesión determinaranse por real decreto, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Turismo e Comercio e de Economía e Facenda.

b. Os dereitos de cobramento a que dea lugar o financiamento dos déficits xerados desde o 1 de xaneiro de 2009 até o 31 de decembro de 2012, cuxas características, así como prezo e condicións de cesión, se establecerán por real decreto, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Turismo e Comercio e de Economía e Facenda.

6. O pasivo do Fondo de titulización estará constituído polos instrumentos financeiros que se emitan a través dun procedemento competitivo que se regulará por real decreto, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Turismo e Comercio e de Economía e Facenda.

7. A sociedade xestora do Fondo de titulización será designada pola comisión que para estes efectos se cree, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, que a presidirá. Esta comisión estará composta por representantes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e do Ministerio de Economía e Facenda. En atención á natureza da función asignada á comisión, esta poderá contar co asesoramento técnico da Comisión Nacional de Enerxía e da Comisión Nacional do Mercado de Valores polas especiais condicións de experiencia e coñecementos que concorren en tales organismos.

A designación, pola comisión, da sociedade xestora deberá realizarse de acordo cos principios de obxectividade, transparencia e publicidade e entre sociedades xestoras que contén con profesionais de recoñecida e probada experiencia na materia.

Na súa organización e funcionamento, a comisión rexerese polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e regulamentariamente establecerase a súa composición en canto ao número de membros e ao rango xerárquico.

A extinción desta comisión producirase automaticamente unha vez alcanzado o fin para o que foi creada.

8. Así mesmo, para cubrir eventuais desfases de tesouraría entre ingresos e pagamentos do Fondo de titulización, por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderase constituír unha liña de crédito en condicións de mercado.

9. Ao abeiro do establecido no artigo 114 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, autorízase a Administración xeral de Estado, até o 31 de decembro de 2013, a outorgar avais en garantía das obrigas económicas exhibibles ao Fondo de titulización do déficit do sistema eléctrico, derivadas das emisións de instrumentos financeiros que realice este Fondo con cargo aos dereitos de cobramento que constitúan o seu activo:

Os importes máximos para o outorgamento dos avais a que se refire o número serán os que determinen as correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

O outorgamento dos avais deberá ser acordado pola ministra de Economía e Facenda, de acordo co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e só poderá efectuarse unha vez constituído o Fondo.

De se producir a execución do aval fronte á Administración xeral do Estado, esta subrogarase, respecto dos importes executados por calquera concepto, en todos os



dereitos e accións que tivesen recoñecidos os acredores fronte ao Fondo de titulación do déficit do sistema eléctrico.

No caso de execución dos avais a que se refire este número, autorízase a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para que poida efectuar os pagamentos correspondentes á execución dos avais mediante operacións de tesouraría con cargo ao concepto específico que se fixe para tal fin. Con posterioridade á realización destes pagamentos, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación definitiva ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio, salvo os efectuados no mes de decembro, que se aplicarán ao orzamento de gastos no primeiro trimestre do ano seguinte.»

*Artigo 22. Mecanismo transitorio de financiamento do déficit nas actividades reguladas no sector eléctrico até a titulación*

Modifícase a redacción da disposición transitoria primeira do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria primeira. *Mecanismo transitorio de financiamento do déficit.*

Até que o Fondo de titulación previsto no artigo 1 deste real decreto lei non realice as emisións e desembolse o prezo dos dereitos de cobramento cedidos será de aplicación o disposto no artigo 24 do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

En concreto, a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, cando o Fondo acumulado na conta específica a que se refire o Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, aberta en réxime de depósito, teña saldo negativo, será liquidado pola Comisión Nacional de Enerxía nas liquidacións mensuais, aplicando as seguintes porcentaxes de repartición:

“Iberdrola S. A.”: 35,01 por cento.

“Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.”: 6,08 por cento.

“Endesa S. A.”: 44,16 por cento.

“E.ON España, S. L.”: 1,00 por cento.

“GAS Natural S.D.G, S. A.”: 13,75 por cento.

As empresas terán dereito a recuperar as achegas por este concepto, e recoñeceráselles un tipo de xuro en condicións equivalentes ás do mercado, que empezará a se devengar a partir do un de xaneiro do ano seguinte, e que deberá ser considerado de forma expresa nas disposicións de aprobación das peaxes de acceso do período seguinte, con inclusión do importe correspondente como custo permanente do sistema.»

*Artigo 23. Habilitación legal do xestor de cargas.*

Modifícase a redacción dos artigos 1, 9, 11 e 14 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que quedan redactados como segue:

«Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei regula as actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica, consistentes na súa xeración, transporte, distribución, servizos de recarga enerxética, comercialización e intercambios intracomunitarios e internacionais, así como a xestión económica e técnica do sistema eléctrico.

2. A regulación das ditas actividades ten por finalidade:

A adecuación da subministración de enerxía eléctrica ás necesidades dos consumidores, e a racionalización, eficiencia e optimización daquelas, atendendo aos principios de monopolio natural do transporte e da distribución, rede única e de realización ao menor custo.

3. As actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica exerceranse de forma coordinada baixo os principios de obxectividade, transparencia e libre competencia.»

«Artigo 9. *Suxeitos.*

As actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica a que se refire o artigo 1.1 desta lei serán desenvolvidas polos seguintes suxeitos:

a) Os produtores de enerxía eléctrica, que son aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñen a función de xerar enerxía eléctrica, xa sexa para o seu consumo propio ou para terceiros, así como as de construír, operar e manter as centrais de produción.

b) O operador do mercado, sociedade mercantil que ten as funcións que lle atribúe o artigo 33 desta lei.

c) O operador do sistema, sociedade mercantil que ten as funcións que lle atribúe o artigo 34 desta lei.

d) O transportista, que é aquela sociedade mercantil que ten a función de transportar enerxía eléctrica, así como a de construír, manter e manobrar as instalacións de transporte.

e) Os distribuidores, que son aquelas sociedades mercantís que teñen a función de distribuír enerxía eléctrica, así como a de construír, manter e operar as instalacións de distribución destinadas a situar a enerxía nos puntos de consumo.

f) Os comercializadores, que son aquelas sociedades mercantís que, accedendo ás redes de transporte ou distribución, adquiren enerxía para a súa venda aos consumidores, a outros suxeitos do sistema ou para realizar operacións de intercambio internacional nos termos establecidos nesta lei.

O Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, determinará os comercializadores que asumirán a obriga de subministración de último recurso.

g) Os consumidores, que son as persoas físicas ou xurídicas que compran a enerxía para o seu propio consumo.

Aqueles consumidores que adquiren enerxía directamente no mercado de produción denominaranse consumidores directos en mercado.

h) Os xestores de cargas do sistema, que son aquelas sociedades mercantís que, sendo consumidores, están habilitados para a revenda de enerxía eléctrica para servizos de recarga enerxética, así como para o almacenamento de enerxía eléctrica para unha mellor xestión do sistema eléctrico.»

«Artigo 11. *Funcionamento do sistema.*

1. A produción de enerxía eléctrica desenvólvese nun réxime de libre competencia no mercado de produción de enerxía eléctrica.

O mercado de produción de enerxía eléctrica é o integrado polo conxunto de transaccións comerciais de compra e venda de enerxía e doutros servizos relacionados coa subministración de enerxía eléctrica.

O mercado de produción de enerxía eléctrica estrutúrase en mercados a prazo, mercado diario, mercado intradiario, a resolución de restricións técnicas do sistema, os servizos complementarios, a xestión de desvíos e mercados non organizados. Os suxeitos definidos no artigo 9 que actúen no mercado de produción a que se refire o parágrafo anterior poderán pactar libremente os termos dos contratos de compravenda de enerxía eléctrica que subscriban, respectando as modalidades e contidos mínimos previstos nesta lei e nos seus regulamentos de desenvolvemento.

2. A operación do sistema, o transporte e a distribución teñen carácter de actividades reguladas, cuxo réxime económico e de funcionamento se axustará ao previsto nesta lei.

Garántese o acceso de terceiros ás redes de transporte e distribución nas condicións técnicas e económicas establecidas nesta lei.

3. Sen prexuízo do establecido para a subministración de último recurso, a comercialización e os servizos de recarga enerxética exerceranse libremente nos termos

previstos nesta lei e o seu réxime económico virá determinado polas condicións que se pacten entre as partes.

4. Salvo pacto en contrario, a transmisión da propiedade da enerxía eléctrica entenderase producida no momento en que esta teña entrada nas instalacións do comprador.

No caso dos comercializadores e dos xestores de cargas, a transmisión da propiedade da enerxía eléctrica entenderase producida, salvo pacto en contrario, cando esta teña entrada nas instalacións do seu cliente. O Goberno poderá determinar o funcionamento do mercado diario e intradiario con base en ofertas de unidades de produción, xa sexan físicas ou en carteira.»

«Artigo 14. *Separación de actividades.*

1. As sociedades mercantís que desenvolvan algunha ou algunhas das actividades reguladas a que se refire o número 2 do artigo 11 deben ter como obxecto social exclusivo o desenvolvemento destas sen poderen, por tanto, realizar actividades de produción, de comercialización ou de servizos de recarga enerxética, nin tomar participacións en empresas que realicen estas actividades.

2. Non obstante, un grupo de sociedades poderá desenvolver actividades incompatibles de acordo coa lei, sempre que sexan exercidas por sociedades diferentes e se cumpran os seguintes criterios de independencia:

a. As persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades reguladas non poderán participar en estruturas organizativas do grupo empresarial que sexan responsables, directa ou indirectamente, da xestión cotiá de actividades de xeración, comercialización ou de servizos de recarga enerxética.

b. Os grupos de sociedades garantirán a independencia das persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades reguladas mediante a protección dos seus intereses profesionais. En particular, establecerán garantías no que concirne á súa retribución e ao seu cesamento.

As sociedades que realicen actividades reguladas e as persoas responsables da súa xestión que se determine non poderán posuír accións de sociedades que realicen actividades de produción, comercialización ou de servizos de recarga enerxética.

Ademais, as sociedades que realicen actividades reguladas, así como os seus traballadores, non poderán compartir información comercialmente sensible coas empresas do grupo de sociedades a que pertenzan, no caso de que estas realicen actividades liberalizadas.

c. As sociedades que realicen actividades reguladas terán capacidade de decisión efectiva, independente do grupo de sociedades, con respecto a activos necesarios para explotar, manter ou desenvolver a rede de transporte ou distribución de enerxía eléctrica.

Non obstante, o grupo de sociedades terá dereito á supervisión económica e da xestión das referidas sociedades, e poderán someter a aprobación o plan financeiro anual ou instrumento equivalente, así como establecer límites globais ao seu nivel de endebedamento.

En ningún caso poderá o grupo empresarial dar instrucións ás sociedades que realicen actividades reguladas respecto da xestión cotiá, nin respecto de decisións particulares referentes á construción ou mellora de activos de transporte ou distribución, sempre que non se supere o establecido no plan financeiro anual ou instrumento equivalente.

d. As sociedades que realicen actividades reguladas establecerán un código de conduta no cal se expoñan as medidas adoptadas para garantir o cumprimento do estipulado nas letras a, b e c anteriores.

Este código de conduta establecerá obrigas específicas dos empregados, e o seu cumprimento será obxecto da adecuada supervisión e avaliación pola sociedade.

Anualmente, presentarase un informe ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e á Comisión Nacional de Enerxía, que será publicado, indicando as medidas adoptadas para lograr o cumprimento do estipulado nas letras a, b e c anteriores.

3. Sen prexuízo do establecido no número 1, calquera adquisición de participacións accionariais por parte daquelas sociedades mercantís que desenvolvan actividades reguladas exixirá a obtención da autorización previa a que se refire a función décimo cuarta do número 1 do ordinal terceiro da disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 outubro, do sector de hidrocarburos.

4. O conxunto de obrigas establecidas nos puntos 1 e 2 deste artigo non serán aplicables ás empresas distribuidoras con menos de 100.000 clientes conectados ás súas redes aos cales lles tiver sido de aplicación a disposición transitoria décimo primeira desta lei.»

#### Artigo 24. *Servizos de recarga enerxética.*

1. O servizo de recarga enerxética terá como función principal a entrega de enerxía a través de servizos de carga de vehículos que utilicen motores eléctricos ou baterías de almacenamento nunhas condicións que permitan a carga conveniente e a custo mínimo para o propio usuario e para o sistema eléctrico, mediante a futura integración cos sistemas de recarga tecnolóxicos que se desenvolvan, que faciliten a integración da xeración en réxime especial.

2. Os servizos de recarga enerxética serán prestados polas correspondentes empresas, que deberán presentar, previamente ao inicio da súa actividade, unha declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos que se determinen regulamentariamente.

3. Os xestores de cargas do sistema terán as obrigas e os dereitos regulados no título VIII da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que lles sexan de aplicación en relación coa revenda de enerxía eléctrica e para o seu almacenamento, na forma en que regulamentariamente se estableza para unha mellor xestión do sistema, conforme o artigo 9 letra h) da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

4. A Administración adoptará programas específicos para impulsar a eficiencia na demanda de electricidade para vehículos eléctricos, co obxectivo de promover o aforro e a eficiencia enerxética e optimizar o uso do sistema eléctrico, en virtude do previsto no artigo 46.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

## CAPÍTULO VI

### Medidas do sector financeiro

#### Artigo 25. *Réxime xurídico dos sistemas institucionais de protección para efectos da súa consideración como grupos consolidables de entidades de crédito.*

Engádese unha nova letra d) ao número 3 do artigo 8 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, coa seguinte redacción:

«d) Que a través dun acordo contractual varias entidades de crédito integren un sistema institucional de protección que cumpra cos seguintes requisitos:

i) Que exista unha entidade central que determine con carácter vinculante as súas políticas e estratexias de negocio, así como os niveis e medidas de control interno e de xestión de riscos. Esta entidade central será a responsable de cumprir os requirimentos regulatorios en base consolidada do sistema institucional de protección.

ii) Que a citada entidade central sexa unha das entidades de crédito integrantes do sistema institucional de protección ou outra entidade de crédito participada por todas elas e que formará, así mesmo, parte do sistema.

iii) Que o acordo contractual que constitúe o sistema institucional de protección conteña un compromiso mutuo de solvencia e liquidez entre as entidades integrantes do sistema, que alcance como mínimo o 40 por cento dos recursos propios computables de cada unha delas, no que se refire ao apoio de solvencia. O compromiso de apoio mutuo

incluíra as previsións necesarias para que o apoio entre os seus integrantes se leve a cabo a través de fondos inmediatamente dispoñibles.

iv) Que as entidades integrantes do sistema institucional de protección poñan en común unha parte significativa dos seus resultados, que supoña polo menos o 40 por cento deles e que deberá ser distribuída de maneira proporcional á participación de cada unha delas no sistema.

v) Que o acordo contractual estableza que as entidades deberán permanecer no sistema un período mínimo de 10 anos, debendo avisar previamente con, polo menos, dous anos de antelación do seu desexo de abandonar o sistema transcorrido aquel período. Adicionalmente, o acordo deberá incluír un réxime de penalizacións por baixa que reforce a permanencia e a estabilidade das entidades no sistema institucional de protección.

vi) Que, a xuízo do Banco de España, se cumpran os requisitos previstos na normativa vixente sobre recursos propios das entidades financeiras para asignar unha ponderación de risco do 0 por cento ás exposicións que teñan entre si os integrantes do sistema institucional de protección.

Corresponderá ao Banco de España a comprobación dos requisitos anteriores para os efectos do previsto neste artigo.

Cando a entidade de crédito que teña a consideración de entidade central dentro dun sistema institucional de protección sexa de natureza distinta ao resto das entidades integradas nel e se encontre participada por todas elas, adherirase ao Fondo de Garantía de Depósitos a que pertencen estas últimas.

As entidades de crédito que se vaian integrar nun sistema institucional de protección poderán instar ao Banco de España que solicite informe á Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Economía e Facenda, no ámbito de interpretación da normativa tributaria estatal, sobre as consecuencias tributarias da integración, co obxectivo de asegurar a neutralidade fiscal da operación.

O informe emitirase no prazo máximo dun mes sobre a base da concorrencia dos requisitos xa comprobados polo Banco de España e terá efectos vinculantes para os órganos e entidades da Administración tributaria encargados da aplicación dos tributos.»

**Artigo 26. *Redución de prazos e outros trámites en caso de actuación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.***

O Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 6 queda redactado na seguinte forma:

«Simultaneamente, a entidade en cuestión presentará un plan de actuación no cal se concreten as accións previstas para superar esa situación, que deberán ir encamiñadas a asegurar a viabilidade da entidade, ben reforzando o seu patrimonio e solvencia, ben facilitando a súa fusión ou absorción por outra de recoñecida solvencia ou o traspaso total ou parcial do seu negocio ou de unidades del a outras entidades de crédito. O plan deberá detallar, así mesmo, o prazo previsto para a súa execución, que non poderá exceder os 3 meses, salvo autorización expresa do Banco de España.»

Dous. O número 2 do artigo 6 queda redactado na seguinte forma:

«2. Cando o Banco de España, á vista da deterioración dos activos dunha entidade de crédito, grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito, dos seus recursos propios computables, da súa capacidade para xerar resultados recorrentes ou da confianza externa na súa solvencia, conclúa que aquela presenta debilidades na súa situación económico-financeira que, en función do desenvolvemento das condicións dos mercados, poderían pór en perigo a súa viabilidade e determinen a conveniencia de que acometa un proceso de reestruturación sen que a entidade en cuestión presentase o plan previsto no

punto anterior, comunicarllo a esta, exixíndolle que no prazo de 10 días naturais presente o plan alí exixido.»

Tres. O artigo 7 queda redactado na seguinte forma:

«Artigo 7. *Procesos de reestruturación con intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

1. Procederá a reestruturación ordenada dunha entidade de crédito con intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria se, persistindo a situación descrita nos puntos 1 e 2 do artigo anterior, se der algún dos seguintes supostos:

a) No prazo a que se refiren os puntos 1 e 2 do artigo anterior, a entidade en cuestión non presentase o plan alí exixido ou manifestase ao Banco de España a imposibilidade de encontrar unha solución viable para a súa situación;

b) O plan presentado non fose viable, a xuízo do Banco de España, para superar a situación de dificultade enfrontada pola entidade ou esta non aceptase as modificacións ou medidas adicionais incluídas polo Banco de España ou estivese condicionado á intervención dun fondo de garantía de depósitos nuns termos que o dito Fondo non aceptase;

c) Unha entidade de crédito incumprise de forma grave o prazo de execución ou as medidas concretas previstas nun plan dos referidos nos puntos 1 e 2 do artigo anterior aprobado previamente polo Banco de España, de modo que se poña en perigo a consecución dos seus obxectivos; ou,

d) Unha entidade de crédito incumprise de forma grave algunha das medidas concretas previstas nun plan dos referidos no artigo 75 do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, aprobado previamente polo Banco de España, de modo que se poña en perigo a consecución dos seus obxectivos.

Procederá, así mesmo, a reestruturación ordenada dunha entidade de crédito con intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria cando, encontrándose a entidade de crédito na situación descrita no número 2 do artigo anterior, aparezan circunstancias sobrevidas que, a xuízo motivado do Banco de España, fagan que non sexa previsible encontrar unha solución viable para a súa situación sen o apoio do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

A reestruturación ordenada dunha entidade de crédito con intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria levarase a cabo de acordo coas regras previstas nos puntos seguintes.

2. Nos supostos previstos no número precedente, o Banco de España acordará a substitución provisional dos órganos de administración ou dirección da entidade afectada así como calquera outra medida cautelar que considere oportuna ao abeiro do establecido na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito e demais normas que resulten de aplicación. Estas medidas manteranse mentres non se leven a cabo as medidas en que se concrete o plan de reestruturación a que se refire o número 3 seguinte. Á medida cautelar de substitución provisional dos órganos de administración ou dirección resultarlle de aplicación o réxime previsto no título III da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, coas seguintes especialidades:

a) O Banco de España designará como administrador provisional o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, que, pola súa vez, nomeará a persoa ou persoas físicas que, no seu nome, exercerán as funcións e facultades propias desa condición.

b) No prazo dun mes desde a súa designación, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria elaborará un informe detallado sobre a situación patrimonial e a viabilidade da entidade e someterá á aprobación do Banco de España un plan de reestruturación da entidade, que permita a superación da situación de dificultade en que se encontre mediante a súa fusión con outra ou outras entidades de recoñecida solvencia ou o traspaso parcial

ou total do seu negocio a outra ou outras entidades a través da cesión global ou parcial dos seus activos e pasivos mediante procedementos que aseguren a competencia como, entre outros, o sistema de poxa. Por petición razoada do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, o Banco de España poderá ampliar o citado prazo até un máximo de 6 meses. Simultaneamente, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria elevará á ministra de Economía e Facenda unha memoria económica na cal se detalle o impacto financeiro do plan de reestruturación presentado sobre os fondos achegados con cargo aos orzamentos xerais do Estado. A ministra de Economía e Facenda poderá, motivadamente, oporse no prazo de 5 días hábiles desde que lle sexa elevada a dita memoria.

Desde o momento da súa designación como administrador provisional dunha entidade de crédito e mentres se elabora o plan de reestruturación a que se refire a letra b anterior, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá, temporalmente, subministrar os apoios financeiros que se precisen de acordo co principio da utilización máis eficiente dos recursos públicos.

3. O plan de reestruturación detallará as medidas de apoio en que se concretará, se for o caso, a intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e que poderán ser, entre outras, as seguintes:

a) medidas de apoio financeiro, que poderán consistir, entre outras, en concesión de garantías, préstamos en condicións favorables, financiamentos subordinados, adquisición de calquera tipo de activos que figuren no balance da entidade, subscripción ou adquisición de calquera valor representativo de recursos propios e calquera outro apoio financeiro tendente a facilitar procesos de fusión ou absorción con outras entidades de recoñecida solvencia ou o traspaso total ou parcial do negocio a outra entidade, así como a adopción polos órganos correspondentes da entidade afectada dos acordos necesarios para tal fin; e

b) medidas de xestión que melloren a organización e os sistemas de procedemento e control interno da entidade.

4. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria estará facultado, así mesmo, para ceder total ou parcialmente os depósitos en conta corrente ou a prazo constituídos nunha entidade por el administrada a outra ou outras entidades de crédito, satisfacendo a estas o seu importe e subrogándose legalmente na posición dos seus titulares fronte á entidade cedente, sen que sexa preciso o consentimento destes últimos.

Así mesmo, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, logo de informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá dispor de forma inmediata o traslado dos valores depositados na entidade por el administrada por conta dos seus clientes a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade, incluso se tales activos se encontran depositados en terceiras entidades a nome da entidade que presta o servizo de depósito.

A entidade cedente facilitará o acceso da entidade de crédito á cal se vaian ceder os depósitos ou a custodia dos valores á documentación e rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectiva a cesión.

5. Cando as medidas anteriormente citadas prevexan a adquisición de activos por parte do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, este poderá manter a súa xestión ou encomendala a un terceiro. En caso de decidir o seu alleamento, este deberá realizarse a través de procedementos que aseguren a competencia.

6. Os investimentos que realice o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria en execución dun plan de reestruturación non estarán suxeitos ás limitacións ou obrigas legais non aplicables no caso de axudas a cargo dos fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito, incluídas, en todo caso, as seguintes:

a) As limitacións estatutarias do dereito de asistencia ás xuntas xerais ou do dereito a voto respecto das accións que este Fondo adquira ou subscriba;

b) As limitacións á tenza de cotas participativas previstas no número 7 do artigo 7 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros;

c) As limitacións á adquisición de achegas ao capital social de cooperativas de crédito por parte de persoas xurídicas;

d) As limitacións que a lei establece á computabilidade dos recursos propios dos valores que o Fondo adquira ou subscriba;

e) A obriga de presentar oferta pública de adquisición de acordo coa normativa sobre mercados de valores.

7. A adquisición de accións ou cotas participativas polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria requirirá que se acorde a supresión do dereito de subscrición preferente dos accionistas ou cotapartícipes existentes no momento da adopción do acordo de ampliación de capital ou de emisión de cotas.

8. Cando o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria adquira cotas participativas dunha caixa de aforros terá un dereito de representación na asemblea xeral igual á porcentaxe que aquelas supoñan sobre o patrimonio neto da caixa emisora. O citado dereito excepcional de representación manterase exclusivamente mentres o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria manteña a titularidade dos citados valores, e non será transmisible a posteriores adquirentes deles.

A representación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, de acordo co previsto neste punto, non computará para os efectos do cálculo dos límites á representación das administracións públicas e entidades e corporacións de dereito público, previstos na correspondente normativa aplicable.

Para as emisións de cotas participativas que realice unha caixa de aforros que vaian ser subscritas integramente polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, os informes a que se refire o Real decreto 302/2004, do 20 de febreiro, sobre cotas participativas das caixas de aforro, serán substituídos por un informe do propio Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e non será obrigatoria a súa cotización nun mercado secundario organizado mentres sexan propiedade do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

As cotas participativas subscritas polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria ao abeiro do disposto neste precepto serán computables como recursos propios básicos.

9. Cando o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria subscriba ou adquira achegas ao capital social dunha cooperativa de crédito, o seu dereito de voto na asemblea da cooperativa será proporcional ao importe das ditas achegas respecto ao capital social da cooperativa.»

Catro. O número 2 do artigo 9 queda redactado da seguinte forma:

«2. Con carácter previo á efectiva adquisición destes títulos, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria elevará á ministra de Economía e Facenda unha memoria económica na cal se detalle o impacto financeiro desa adquisición sobre os fondos achegados con cargo aos orzamentos xerais do Estado. A ministra de Economía e Facenda poderá oponse, motivadamente, no prazo de 5 días hábiles desde que lle sexa elevada esta memoria.»

Cinco. A letra d) do número 3 do artigo 9 queda redactada da seguinte forma:

«d) As participacións preferentes emitidas ao abeiro do disposto neste precepto serán computables como recursos propios básicos, sen que para isto sexa obrigatorio que coticen nun mercado secundario organizado. Para estes efectos, non lles serán de aplicación as limitacións que a lei establece para a computabilidade dos recursos propios.»



*Artigo 27. Consideración dos fondos de titulización como titulares rexistrados.*

Engádesse un novo parágrafo ao número 2 da disposición adicional quinta da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de entidades de crédito á segunda directiva de coordinación bancaria e se introducen outras modificacións relativas ao sistema financeiro, coa seguinte redacción:

«Os fondos de titulización hipotecaria e fondos de titulización de activos poderán ser titulares de calquera outra cantidade, inmobles, bens, valores ou dereitos que sexan percibidos en pagamento de principal, xuros ou gastos das participacións hipotecarias, certificados de transmisión de hipoteca, activos financeiros ou outros dereitos de crédito que se agrupasen no seu activo, por resolución de calquera procedemento xudicial ou extraxudicial iniciado para o cobramento de tales dereitos de crédito; en particular e sen ánimo limitativo, por produto do remate de procedementos de execución de garantías hipotecarias ou non hipotecarias, polo alleamento ou explotación dos inmobles ou bens ou valores adxudicados ou dados en pagamento ou, como consecuencia das citadas execucións, en administración e posesión interina dos inmobles, bens ou valores en proceso de execución. A inscrición dos bens inmobles pertencentes aos fondos de titulización no Rexistro da Propiedade e de calquera outros bens nos rexistros que correspondan poderase efectuar a nome deles.»

*Disposición adicional única. Adaptación das obrigas de documentación das operacións vinculadas á xurisprudencia comunitaria e ao dereito comparado.*

Sen prexuízo das modificacións introducidas no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, á vista da xurisprudencia comunitaria e do dereito comparado, o Goberno, nos tres meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto lei, tramitará a modificación da normativa tributaria que regula as obrigas de documentación das operacións entre persoas ou entidades vinculadas, para reducir as cargas formais que deben cumprir as empresas, atendendo fundamentalmente aos seguintes factores: que se trate de operacións internas (non internacionais), que interveñan pequenas e medianas empresas, que o seu importe non sexa moi significativo e que non interveñan paraísos fiscais.

*Disposición transitoria primeira. Modificación da base imponible do imposto sobre o valor engadido e do imposto xeral indirecto canario por empresarios ou profesionais cuxo volume de operacións non excedese os 6.010.121,04 euros durante o ano natural inmediato anterior en suposto de falta de pagamento polo destinatario.*

Os suxeitos pasivos titulares do dereito de crédito cuxa base imponible se pretende reducir cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, ou 51 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, non excedese durante o ano natural inmediato anterior os 6.010.121,04 euros, que sexan titulares de créditos total ou parcialmente incobrables correspondentes a cotas repercutidas pola realización de operacións gravadas para os cales, no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, transcorresen máis de seis meses pero menos dun ano e tres meses desde o devengo do imposto, poderán proceder á redución da base imponible no prazo dos tres meses seguintes á dita entrada en vigor, sempre que concorran todos os requisitos a que se refire o artigo 80.catro da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, con exclusión do referido na condición 1.<sup>a</sup> do dito precepto, e o artigo 22.<sup>o</sup> 7 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, con exclusión do referido na condición 1.<sup>a</sup> do dito precepto.

Non se poderán acoller ao disposto no parágrafo anterior os suxeitos pasivos que poidan reducir a base imponible conforme o disposto no artigo 80.tres da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e no artigo 22.<sup>o</sup> 6 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.

Disposición transitoria segunda. *Redución no IVE dos módulos aplicables ás actividades de renovación e reparación de vivendas particulares.*

Antes do 1 de maio de 2010 deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado» a modificación da Orde EHA/99/2010, do 28 de xaneiro, pola que se desenvolven para o ano 2010 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido, co obxecto de reflectir no importe dos signos, índices ou módulos a redución do tipo impositivo establecida por este real decreto lei aos empresarios ou profesionais que desenvolvan actividades relacionadas coa renovación e reparación de vivendas particulares.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio derivado da nova redacción dada aos artigos 20.un.22.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e 10º.1.22) da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.*

Un. A nova redacción do artigo 20.un.22.º da Lei 37/1992, consecuencia deste real decreto lei, aplicarase de acordo cos seguintes criterios:

1.º O concepto de rehabilitación, tal e como queda delimitado pola parte B) do artigo 20.un.22.º da Lei 37/1992, será aplicable ás entregas de edificacións ou partes destas que pasen a ter a condición de primeiras entregas e se produzan, de acordo co disposto no artigo 75.un.1.º da mesma lei, a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei con independencia de que se recibisen pagamentos anticipados, totais ou parciais, con anterioridade á dita data.

2.º A aplicación do tipo impositivo reducido que establece o artigo 91.un.3.1.º da Lei 37/1992 ás execucións de obra que pasen a ter a condición de obras de rehabilitación, sen a teren con anterioridade, será procedente na medida en que o imposto correspondente a estas obras se devengue, conforme os criterios establecidos no artigo 75.un da mesma lei, a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei, mesmo cando se recibisen pagamentos anticipados, totais ou parciais, con anterioridade á dita data. Os suxeitos pasivos deberán rectificar as cotas repercutidas correspondentes aos pagamentos anticipados cuxo cobramento se percibise con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto lei, mesmo cando transcorresen máis de catro anos desde que tivo lugar este cobramento.

3.º Os empresarios ou profesionais que realicen as entregas a que se refire o ordinal 1.º poderán deducir integramente as cotas soportadas ou satisfeitas polos bens e servizos utilizados directamente na súa rehabilitación. Para tales efectos, o dereito á dedución das ditas cotas nacerá o día de entrada en vigor deste real decreto lei. En caso de que as citadas cotas se tivesen deducido con anterioridade, aínda que sexa parcialmente, os empresarios ou profesionais deberán regularizar as deducións practicadas na declaración-liquidación correspondente ao último período de liquidación de 2010.

Dous. A nova redacción do artigo 10º.1.22) da Lei 20/1991, consecuencia deste real decreto lei, aplicarase de acordo cos seguintes criterios:

1.º O concepto de rehabilitación, tal e como queda delimitado polo artigo 10.º 1.22) da Lei 20/1991, será aplicable ás entregas de edificacións ou partes destas que pasen a ter a condición de primeiras entregas e se produzan, de acordo co disposto no artigo 18.º 1.a) da mesma lei, a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei con independencia de que se recibisen pagamentos anticipados, totais ou parciais, con anterioridade á dita data.

2.º A aplicación do tipo impositivo cero que establece o artigo 27.º 1.1.º f) da Lei 20/1991 ás execucións de obra que pasen a ter a condición de obras de rehabilitación, sen a teren con anterioridade, será procedente na medida en que o imposto correspondente a estas obras se devengue, conforme os criterios establecidos no artigo 18.º 1.a) e b) da mesma lei, a partir da data de entrada en vigor deste real decreto lei con independencia de

que se recibisen pagamentos anticipados, totais ou parciais, con anterioridade á dita data. Os suxeitos pasivos deberán rectificar as cotas repercutidas correspondentes aos pagamentos anticipados cuxo cobramento se percibise con anterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto lei, mesmo cando transcorresen máis de catro anos desde que tivo lugar este cobramento.

3.º Os empresarios ou profesionais que realicen as entregas a que se refire o ordinal 1.º poderán deducir integramente as cotas soportadas ou satisfeitas polos bens e servizos utilizados directamente na súa rehabilitación. Para tales efectos, o dereito á dedución das ditas cotas nacerá o día de entrada en vigor deste real decreto lei. En caso de que as citadas cotas se deducisen con anterioridade, aínda que sexa parcialmente, os empresarios ou profesionais deberán regularizar as deducións practicadas na declaración-liquidación correspondente ao último período de liquidación de 2010.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Os artigos deste real decreto lei que non constitúen disposicións modificativas doutras vixentes dítanse ao abeiro dos seguintes preceptos da Constitución:

- a) O artigo 11, en virtude do ordinal 20.º do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de aeroportos e transporte aéreo.
- b) O artigo 12, en virtude do ordinal 13.º do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.
- c) O artigo 15, en virtude dos ordinais 6.º e 8.º do artigo 149.1 da Constitución, que atribúen ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación procesual e lexislación civil.
- d) Os artigos 19 e 24, en virtude do ordinal 25.º do artigo 149.1 da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases do réxime enerxético e mineiro.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Habílitate o Goberno, así como a ministra de Economía e Facenda e os ministros de Xustiza, Fomento e Industria, Turismo e Comercio, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de abril de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO